

Autoridades, miñas donas, meus señores:

A Asociación de Escritores en Lingua Galega quere facer entrega hoxe ao Museo do Pobo galego, da distinción de Bo e Xeneroso. Neste verso do noso himno está acrisolado o ser dos fundadores de noso, que di dos que aman ao noso pobo, ao que de máis verdadeiro nos constitúe.

Entregámoslla porque é depositario dos valores fundacionais da nosa dignidade nacional, coa súa insubornable galegitude, coa súa presenza sempre activa no proceso de normalización da nosa cultura e de reconstrución da nosa conciencia nacional.

Entregámoslla porque o seu traballo se basea no labor colectivo e interdisciplinar asentado na conciencia de noso como pobo, porque somos inmorrente memoria.

Quixemos premiar ao museo do pobo galego, como institución e tamén aos diversos padroados e aos homes e mulleres que como traballadores ou socios fixeron posíbel esta fértil realidade, do que só era un soño .

Quixemos ademais reivindicar no Museo do Pobo Galego un proxecto colectivo exemplar, os seus contidos que son o que de máis fermoso e eterno ten a nosa patria, o que de máis fermoso construíron, amantiñas, as mans do noso pobo.

Queremos celebrar os froitos dun proxecto en man común, herdeiro daqueloutros proxectos que no pasado puxeron os alicerces desta casa comunal da nosa cultura e que un mal vento crebou nel as gaias máis frondosas.

Mais as palabras herdadas, sempre en galego, sempre na Galiza puxeron a estrela de Rosalía no horizonte e fixeron transparente o camiño dun grupo de bos e xenerosos, e atravesaron ceos de chumbo. Eles e moitos de noso lembramos hoxe nas persoas de don Xaquín Lourenzo e don Antonio Fraguas.

Camiñaron levando o fardel dos nosos avós e dos avós dos nosos avós os que deixaron en nós o mandato de reconstruír o fogar desfeito que nos dixera doridamente esperanzado Castelao no seu álbum Nós, sobre radiantes fragmentos cheos de luz ferida, naquela noite de longura infinita.

Mais latexaba nela un ventiño do mar, que era canción popular, e este grupo de homes e mulleres, nela cinguiron a palabra e fixérona cotovía. E o humus fértil da terra alimentou a palabra e este proxecto que celebramos hoxe, e as ponlas da árbore con seiva nova volveron a florir, e a chuvia tremeu os seus espellos na mañá dos eidos natais.

No que significa este Museo, sentímonos hoxe reflectidos todos: un museo da cultura de noso, a que construíron mans labregas, mariñeiras, artesáns dos máis diversos oficios : cesteiros, tecedeiras, oleiros, zoqueiros, panadeiras, albardeiros, ferradores, leiteiras, pedreiros, ceifeiras, canteiros, cabaqueiros.

Os oficios e os seus materiais que podemos ollar nas salas do museo son a vida solermiña, son portadores da nosa memoria e están a transmitir unha e outra vez as nosas coordenadas existenciais, os referentes da nosa identidade.

O non dito, o non nomeado aínda, xace nos oficios labourando unha xeración tras outra e aquí, hoxe, abre as fontes dunha profunda conciencia. Lémbrennos que os galegos amamos a terra, a que latexa nos ciclos estacionais, que coa cor da fariña miña tinta o noso, o solpor dos ceos outonais.

Dúas son as almas dunha soa Galiza recollidas no logotipo do museo do pobo galego simbolizadas na roda do carro e na dorna. Estes símbolos son como seres que en traballos milenarios gardáronnos e no arredor deles sostiveron a nosa fala contra do silencio.

Nas rodaduras do carro lemos a hora máis antiga, pois a roda do carro fire o rostro da terra e entón xermola o tempo máis novo e faise outro tempo e faise outra a luz, cando a terra é húmido claustro sementado polas nosas palabras, pola nosa fala. Na eternidade da pedra efémera no seu abalar esculpimos o presente. Á sombra do leme da dorna trazamos na area o rostro do perecedoiro que a branca espuma leva. As barcas de ribeira abren vieiros de poeirenta prata no espello do solpor e coa súa voz ou brisa que lenemente cala na mañá de claridade aínda adormecida.

Na dorna convocamos ao grande río que se alimenta das augas tintadas minerais do Sil e o Miño vagaroso e dos mil ríos cunqueiráns que como veas alimentan o noso ser.

E no Museo do Pobo Galego, a dorna vén a nós atravesando a historia, e coa mirada máis nova ollamos o máis antigo entardecer que aquí avivece e regresamos a nós para beber no manancial da nosa identidade.

Os galegos somos un pobo que humanizou a natureza e ao humanizar a terra, en palabras de don Ramón Otero Pedraio “o noso chan esta cuberto dun humus human que non deixa aflorar un so anaco de rocha estrano a nos” e engade “ cada pobo debe escoitar escuramente nos infinitos orelas da alma colectiva, claramente

determinada nas palabras dos poetas creadores, isa promesa deitada polo señor. Unha voz moitas veces oscurecida aldraxada no nome de falseiros cosmopolitismos.”

As súas palabras poñen ao escritor como figura central capaz de ler e interpretar o ser colectivo do seu pobo, e lévanme ao poeta neohelénico Palamás que alimentou coa cultura popular ao pobo grego recén nado como nación e necesitado dunha nova luz, necesitado de dar entrada a séculos de cultura popular e de reinterpretar os ríxidos canons da súa mitoloxía clásica, así os escritores e poetas galegos, sempre a dar a voz na escrita á nosa cultura popular, e así facela cultura viva: a que fai xermolar a luz que somos, a que fai as necesarias relecturas das nosas fontes para seguir a chantar os alicerces dun edificio sempre novo sobre as pedras basilares da nosa cultura popular.

O poeta Antón Avilés de Taramancos fálanos da verdadeira arte popular de facer un zoco para o delicado pé do mariñeiro, fronte á arte unidimensional. Escoitamos de novo a cantar na chaira luguesa o carro, no poema de Manuel María, ou en Uxío Novoneira onde a cultura popular asolaga a cerna dos seus poemas e olla no seu interior, volve os ollos cara á vida do noso país cun novo ollar.

Por todos eles recoñecémonos na nosa cultura popular, cando non nos era permitido coñecérmonos na nosa historia. Non sempre nos deixaron escribir a nosa historia, mais o noso pobo, no día a día insculpiu na pel da terra, no seu rostro milenario, a nosa biografía colectiva.

Nas salas deste museo está a nosa biografía colectiva, nelas escoitamos ao silencio das xentes de noso que soñaron vida e deron nacemento, e imos onde foi a súa vida e sóñannos eles en secreto e nós soñamos cos menceres que como doce dardo crava en nós a luz e nos acariña.

Nas salas deste museo mostrámonos na hora máis antiga, reivindicámonos, amamos a nosa patria, a que nos dá da súa man os froitos e as amoras, a que na grave penedía insculpe a hora máis lonxincua.

Neste lugar, Tres son as escaleiras de Domingo de Andrade que cicais son metáfora do noso humano devir, onde sempre hai unha escaleira que nos leva a unha porta que se abre. O Museo do Pobo galego abríunola e por ela entramos a fundar esta Asociación de Escritores en Lingua Galega e este foi o noso local social ao longo de vintecinco anos. O Museo do Pobo Galego acolleunos e acóllenos ano tras ano nas nosas assembleas porque segue a ser a casa comunal onde escoitamos a chuva que manseniña modela a pedra e a árbore e no claustro é cántico sagrado.

Xove poeta, hai trinta anos, cando outonal o lameiro no sulco se desangra, escoitaba eu na rúa da Paz de Ourense a don Ramón Otero Pedraio, a falar da Galiza

como a nosa terra prometida. As súas palabras de mestre entraron en min para sempre, como a semente que na terra dorme cando o bosco soña. Din así “ Soio se pode chegar a ser universal, é decir, triunfador do tempo facéndose donos da terra da redención, pra que nela poda nacer a palabra da verdade. Cando Galiza sexa dona do seu espírito será escoitada e outra volta será o fogar onde acudan os camiños infindos da terra e do mar.” No fogar que é o Museo do Pobo Galego celebramos hoxe os camiños que nos levan ao futuro da Galiza.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Bo día, querida Pura e queridos amigos e amigas:

Á beira deste pequeno río Barbaña que foi tan mancado, tan ferido, no seu ser máis puro que ven dos montes de Maceda, e rega o val da Rabeda e ten por afluente o Muíños antes de el ir para o Miño, chantamos a Pedra das Poetas e dámoslle nome á Fervenza das Poetas.

Á beira do río que recibía cantos amorosos no Tío Marcos da Portela, na voz de escritores como Pérez Placer “Aquel meigo río que baixa bicando as ortas”. “O río que esvaraba baixo as tapias da horta que rodea a casa onde fun nado é o Barbaña, río cheo de meiguices”, “sobrisado de toldos rumorosos, perfumado de flores campesiñas que medran nas ribeiras, abondoso de remansos cristalinos que deixan ver a fina area do leite” “arroupado de madreselvas, silvardas, cabrifollos, ameneiros, abelaneiras” e agora cos fermosos camelios, que plantamos para as poetas.

Dámoslles o bo día e a benvida.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Sr. Concelleiro de Cultura, queridas Pura e Dora, que hoxe non nos poden acompañar por motivos de saúde, mais que comparten con nós estes fermosos momentos.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega hónrase en facer realidade na cidade de Ourense, esta garimosa caricia de amizade e acto de xusto recoñecemento dos escritores e escritoras galegas ás escritoras Pura e Dora Vázquez facéndolles a entrega da letra E de Escritoras e cos camelios plantados esta mañá no Parque do Barbaña e o nome dado á Fervenza das poetas e coa pedra das poetas que dará memoria para sempre da súa fermosa palabra tallada.

Co escritor Xerardo Méndez, hai poucas semanas visitamos ás nosas escritoras no seu fogar. Despois de camiñar desde a Fonte da Praza do Ferro, chantada coma unha árbore ancestral, subimos as encostas da cidade e acougamos nas palabras insculpidas da Praza das Mercedes. Nun muro, un poema di da ausencia como unha forma de ficar.

Poder acceder á casa das poetas fíxome sentir o significado de acceder ao lugar onde todo segue a ser habitado polo luminoso tempo cotián, onde nunca desaparece o tépedo remol da infancia.

foi como vivir unha viaxe ao centro de gravidade dos seus poemas. Na casa dun poeta sempre hai unha certa nostalxia do eterno, de Aquela Outra infancia que aínda en nós estremece.

Conversamos con Pura e Dora arredor da tarde Imóvel que tamén sen cesar recordaba, outras fermosas tardes de Maio pois, lembrando con elas, creámonos e creamos outro o tempo, outra a luz que nos olla desde os seus poemas

Non é importante se o poema nace da experiencia persoal, ou nace da experiencia allea que nós asimilamos, mesmo ser só experiencia autónoma da linguaxe poética. Mais, ao percorrermos a súa biografía, un percorre a biografía colectiva dun tempo que tantas veces nos mancou e percorre moito das súas poéticas.

Desde o membrilleiro onde o pozo do poema de Dora onde os seus ceos azuis, cincentos, brancos de nube, son celestes estrelecidos froitos. É terra de Deus fermosa e escollida alauda dos vieiros e do mar, Galicia Aza de min; en Pura esta Galiza do poema na que estamos a nos crear unha e outra vez coas nosas poetas contra da desmemoriada luz do día.

Compartimos o tempo que partiu. escoitamos os nomes da súa biografía chea de cálidos topónimos que son para elas gozo: O Salto do can, o Polvorín, Ourense, Quiroga, e outros que son dor: A Guarda, Larache, San Rosendo de Celanova, o Cumial. E foise tecendo con nomes, a fráxil tea da fértil biografía e fomos facendo imperceptíbeis incisións na cortiza do tempo, do tempo que pouco a pouco foise

enchendo de recordos como o castiñeiro se enche de xílgaros e paporroibos e verderolos para despedir a luz do día, que ficou nos ollos das poetas como po de bolboreta ou como un tenro cristal de signos tatuados no rostro da terra : Teimende, O Sil, Chandrexo, Berredo, Armuña, Baños de Molgas, Larín, Valdepereira, Ventosela, Bergantiños... Ah! A corporeidade que a palabra poética ten cando nomea!

Podemos percibir a aura dunha poeta ao coñecer a súa biblioteca, os territorios da existencia, na súa nudeza. Retratos cor sepia. Unha de dúas nenas, Pura, de tres anos, enriba dunha pequena cadeira de cana e Dora, de oito, colléndoa protectora. Libros nos estantes para a lectura e algún na mesa para a relectura demorada, lugares da íntima creación, fotos familiares, memoria que se encarna no poema: tempo e memoria da realidade persoal da experiencia que fai posíbel a existencia da poesía.

Achegámonos ao balcón e ollamos a cidade, ollamos os tellados da Cidade Vella, a Catedral " serenísimo faro polas idades converxendo "dinos Pura- e nácenos outra luz dentro dos nosos ollos ao ollarmos a catedral que para ela é "carne irreal de Ourense", que nós ollamos como a morada do bon deus , se for a morada do home.

Elas sinálannos os lugares da cidade, as abas dos montes, territorios do seu nacemento, e a tarde calada no Miño ía para o mar e todo o que é a verdade e non ten sido, e todo o que non ten sido dor e todo o que ten sido soñado.

Ollamos cálidos ceos, límpidos no seu celeste, tan lonxe de nós, e algunha nube tan próxima, que pinta no ceo as súas acuarelas violeta. Un paxaro cruzou en diagonal o tempo e algunha gueivota que perdeu quizais o xeito do mar.

A cidade dourada, a mesma que nos deu escritores e poetas que a amaron e que participaron na biografía das nosas poetas : Otero Pedraio, Vicente Risco, Ben-Cho-Sei, dicimos os seus nomes e pola Ponte Vella todo regresa: o seu tempo envolve todo, tamén o profundo ceo de cálido infinito.

Con elas ollamos desde a xanela como segue o seu vivir a cidade e os outeiros onde aínda canta o merlo

Dinos Pura:

O meu corpo quere voltar a sentir o aire das montañas./
Encher as veas de luz e brétema nos boscos e as praias/
Escoitar os merlos nos trigais florecidos.../

Dinos Dora:

Soia vou...soia / pola marxe verdecida/ onde douran derradeiras

Outonizas luces soia vou/ que soia me deixaches
Coas fontes dos orballos / nacéndome nos ollos

Búscome nos poemas das nosas poetas que digo como oración e son como poalla dourada que se volve neve intacta sobre a cidade, para que deixemos nela fráxiles pegadas, para non toldarmos a súa beleza, para que en nós non prenda o olvido.

Nos seus poemas vivimos a realidade, non na súa aparencia, senón na realidade que conteñen. Na súa experiencia da linguaxe poética dannos conta da súa experiencia no tempo vivido ou construído co recordo do "desmemoriado río" de Pura ou co Pasatempo ferido de versos de Dora

Entramos nos seus poemas e Nelas amamos o idioma que crea o poema, que é coñecemento poético, e nos seus poemas verquemos os infinitos significados do noso humano devir, que son tantos, que anainan se somos quen de neles nos recoñecer. Delas que escriben e tamén de nós, que tratamos de achar as verdades compartidas.

Compartimos con elas o seu tempo, que xa é tempo poético, que xa traspasou a linguaxe de signos da clepsidra que mede o efémero do tempo. É outro o seu estar. En Ourense todo é centro dourado e van dicindo as augas quentes aos ollos.

Desde o seu balcón sóñase o Miño, onde aparece e desaparece silenciosa a prata que esvara un peixe sen friume.

Retratámonos. E a tarde coa súa imaxe delgada, reflectiuse nos ollos que son amigos do distante. Chama a nosa atención unha gata con dous gatiños e a súa realidade de xogo e mundo dos soños. A palabra compartida xa leveda docísima. Unha luz albear aboia quietísima sobre unha outra a luz, que desce sobre unha gata que amanta dous gatiños, que xogan con finísimas gotas de gris no seu rostro. Todo contén as cores da tenrura.

Cunha fita de luz enovelo a dozura daquel entardecer que trouxo o poente e o seu rumor do inextinguíbel. Xerardo e mais eu partimos como nubes errantes que se fan e se desfán para ser nesta breve viaxe iniciática cara o adentro da obra das nosas poetas.

Para Elas, a gratitude e o recoñecemento das novas xeracións.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Sra. Conselleira de Cultura, queridos amigos e amigas.

Celebramos hoxe o premio ao libro do ano *Territorio da desaparición* do poeta Miguel Anxo Fernán-Vello, neste vintecinco aniversario da AELG que percorre a nosa biografía colectiva.

E celebro con el vintecinco anos de amizade, de compartir os soños para esta terra e para este pobo, nos alicerces do seu ser traballamos o sábreo, tallamos o silencio do tempo futuro. Compartimos os mestres na vida e na poesía: Antón Avilés e mais Uxío Novoneyra e mais Manuel María, que fixeron para nós tanxíbeis as verdades da nosa realidade colectiva, humana.

Escribir poemas significa ser, á busca da vida, á busca da beleza, e isto só é certo cando, como nos poemas de Miguel Anxo, a beleza acontece ao lelos, cando escoitamos a música dos seus silencios. Cando entramos e camiñamos os Territorios da desaparición, ao relelos quixera eu gardar silencio e percorrer mentalmente as imaxes que nos poemas dan conta do transcorrer do efémero, nos territorios onde ser poeta é soñar en presenza do tempo, na incerteza, pois non sabemos se algún anaco do día vivido será futuro.

Na certeza de que todo o que desaparece, como flor abre o seu misterio e deita o seu pole, a súa poeira azul, mais non é posíbel apreixar o seu segredo para a facer do futuro certeza de permanencia, aínda que sabemos que vivirá en nós como signo e símbolo sen materia.

Mais aínda así, ao entretecer as palabras nos poemas da desaparición, a casa que foi e os seres que a habitaron, xorden á vida e estas están a crear unha vida outra, e asistimos á resurrección da luz que habita nos poemas, luz que foi acrisolada ao longo dos séculos. Cantos séculos de sedimento poético necesita unha literatura para dar resposta ao tempo con poemas da profundidade poética dos versos de Miguel Anxo.

Moitas son as estéticas poéticas que emerxen dun mesmo proxecto ético-cultural. O do noso poeta móvese neses ceos que, en palabras de Euxenio Montale, buscan o advento dunha nova harmonía social, da cal só hai presentimentos nas chairas da Utopía.

Permitíndeme que no poeta Miguel Anxo Fernán-Vello vexa reflectida a toda unha xeración que é a súa e que é a miña, e digo xeración sobre de todo no sentido mais histórico-temporal:

Participou no movemento asociativo cultural de comezo dos anos oitenta n'O Facho, cando as agrupacións culturais deixaron de ser lugares de acollida do movemento nacionalista aínda ilegal para se converter naquela Agrupación Cultural O Facho, para que fose iso: palabra a arder no alto.

Desde a secretaría xeral da Asociación de Escritores en Lingua Galega, con Antón Avilés e mais con Uxío Novoneyra na presidencia, ao longo de

moitos e intensos anos, mantivo o lume aceso da dignidade pública do escritor, cando a nosa asociación de escritores era negada como portavoz dun soño colectivo soñado polos escritores e as escritoras galegas. Non sería entendíbel a AELG sen o seu labor, que era como camiñar contra das sombras.

Miguel Anxo tatuou na pel do silencio a espiral de Paúl Klee, e esta fíxose a forma máis pura do movemento, segundo as palabras do pintor, e fixéronse proxecto editorial que como a Espiral Maior está a desenvolver un fértil labor, no ceo mais límpido onde habita a estrela que nos guía, pois el ben sabe, e eu con el, que os escritores somos como os mariñeiros do Gran Sol, que precisamos de barcos editoriais, e estes cota de pesca no mar maior inmenso da escrita, mais para nós limitado mar dos lectores, en lingua galega.

Compartimos todos e todas nós con el na Asociación de Escritores en Lingua Galega os tempos da ilusionada esperanza, da sementeira, e compartimos hoxe o non menos importante e ilusionado labor de coidar a vedraña árbore nacional que comeza a dar os seus froitos.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Estimados amigos e amigas.

Quixera en nome da AELG darvos a benvida e saudar especialmente á Asociación Ponte nas Ondas polo seu fértil e meritorio traballo que está a realizar ao presentar á candidatura de patrimonio inmaterial a tradición oral galego-portuguesa e aproveitamos para facer pública a nosa elección desta Asociación Ponte nas Ondas para ser o Bo e Xeneroso do ano 2006.

Acompañánnos Xerardo Feixó e Xabier Prado, que representa tamén as Escolas da Unesco. A eles lles damos un cálido abrazo. Entre a documentación do simposio atoparán a revista que publica a Asociación para difundir a candidatura.

Saudamos á Asociación Cultural Eliseo Alonso representada por Rita Alonso e Araceli Ozores, a quen lles agradecemos que nos acompañen na xornada do domingo na visita ao castelo de San Lourenzo.

Saudamos ao Centro Goianés representado polo seu presidente Uxío Benítez, a quen lle agradecemos que compartan connosco de xeito desinteresado as súas instalacións para o Simposio. Deste Xeito a Asociación de Escritores en Lingua Galega quere contribuír a recuperar o carácter de centro de cultura co que nasceu o centro alá polo 1915, contribuíndo a restaurar a memoria deste centro clausurado e expoliado durante a guerra civil española e que hoxe quere ser un punto referencial na dinamización cultural de Goián.

Saudamos á Associação de Escritores Portugueses na persoa do seu presidente, José Manuel Mendes, e agardamos poder establecer relacións de mutua colaboración.

Saudamos a José Rodrigues, presidente da Assembleia Geral do convento de S. Paio, e á propia Assembleia, a quen agradecemos a colaboración no desenvolvemento do simposio.

E saudamos ao Presidente da Cámara Municipal de Vilanova da Cerveira, e agradecemoslle a súa atención e apoio á realización deste simposio.

E finalmente saudamos a Delegada de Cultura de Pontevedra, que representa o Goberno Galego nestes actos que hoxe comezamos.

Con estes encontros ou xornadas de Letras na Raia, a AELG inicia un camiño de confluencia, de broslar realidades, pensamentos, nomes do pasado e do presente no verde pano de veludo do futuro común.

Iniciamos o labor de tecer relacións de mutuo coñecemento das nosas realidades máis comúns e frementes.

Nun poema de Euxenio de Andrade adicado a Rosalía de Castro hai un verso que di da Galiza: Terra que prolonga a minha.

Así nos sentimos nesta terra que é prolongación da nosa, coa que compartimos tanta historia, unha mesma terra na que, como as veias dun mesmo corpo tecemos ao longo da historia camiños, romanos, medievais mais que aos dous lados da raia seca ou do Miño unha man allea teceu unha outra historia que foi escrita encontra da nosa vontade, e a raia tornouse fronteira.

Mais o camiño que inicia a AELG é un camiño que prolonga outros camiños xa hai tempo andados. Nunca foi doado, mais os escritores e as escritoras galegas, desde a literatura ou a historia ou a etnografía foron, ao longo das diversas épocas do século que pasou, tentando crear relacións estábeis, tentando crear institucións estábeis e vivas que mantivesen e acrecentasen as necesarias relacións para un cada vez mais fértil reencontro. Como dato humano de hoxe, e que demostra as sempre vivas relacións de comunicación popular, a non desaparición das relacións galego-portuguesas, son as vilas que comparten na Galiza eno Portugal o mesmo espazofronteirizo que xonguen as dúas orelas dun mesmo río. Os nosos maiores do sul de Ourense veñen desde antigo á Peneda no Xeres para pedir polo noso ben, porque quizais buscamos nos mesmos ceos as mesmas pequenas estrelas, ollámonos nos mesmos ollos humanos da Virxe da Peneda e non as faíscas no ollar vacuo dalgún deus lonxincuo.

Á luz dos novos estudos de historia, que vai clarificando, descubrindo as raíces da nosa identidade nacional e a historia compartida pola Galiza e polo Norte de Portugal baixo un mesmo reino, e mesmo as relacións posteriores entre os reinos, estase a contradicir o discurso histórico dominante e as súas interpretacións desde unha ideoloxía unitaria española-castelanista. Os novos historiadores, como Anselmo López Carreira, poñen diante nosa como foi marxinada a Galiza da súa centralidade histórica peninsular e como foi separada de Portugal e borradas as relacións entre os dous pobos, relacións que permanecían mesmo moito despois da independencia de Portugal.

Desa historiografía somos vítimas os galegos e os portugueses.

Mais o noso labor vai tamén mudar os termos nos que ficou na intelectualidade portuguesa a idea da Galiza,

idea que Castela e Hespaña estaba a alimentar, e que creo que este é o lugar central do noso traballo como colectivo de homes e mulleres que, ademais de estar a soñar o que somos, fomos e seremos á luz do presente, estamos a crear opinión en amplas capas da sociedade. Moitos dos esciotres e escritoras portuguesa son comunicadores de pensamento creadores de opinión pois son os investigadores nos territorios da identidade.

Cito como desideratum o libro Ara Solis da escritora infelizmente desaparecida Wanda . Ramos, que puxo o seu protagonista portugués nas terra do Fisterra galego en comunión coa nosa natureza, co noso cosmos mais ancestral, e cito o poema do noso admirado poeta Torga, onde emerxe un sentir que se aproxima a nós mais

dalgún xeito sen nós e que é un punto de partida para pensarmos en mudar un certo estado das cousas. Di así:

Miña Galiza de perfil bonito
Orfa de patria nun asilo austero
Só por seres portuguesa é que te quero
E por seres castellana te acredito

Mais é tempo de mudarmos o xeito de nos ollar
É certo que nós tamén queremos a Portugal polo que ten de galego
É certo que o perfil de Portugal é a prolongación do noso perfil xeográfico e humano, e que os galegos somos un pobo que, aínda que non deu forma definitiva político-administrativa axeitada á patria que nos acolle. Mais xa non somos orfos por canto cos instrumentos sociais e político-culturais propios, hai tempo que puidemos comezar a redefinir as nosas relacións con outros pobos e nomeadamente con Portugal, para nós será máis e máis próximo Portugal canto máis nos aceite como Galegos e non como sombra esvaída da Hespaña.

Conscientes desa necesidade de cambio sempre houbo ao longo da historia xeracións de escritores e escritoras galegas que buscaron, que buscamos ciclicamente mudar a imaxe mutua, de ir creando relacións imperecedoiras de mutuo respeito e mesmo de amizades persoais. Cada xeración de escritores e escritoras galegas buscou na realidade portuguesa todo o que de común tínhamos. Permítanme que lles lea un fragmento do poema dun galego que amou Portugal e que foi querido polos escritores portugueses, mesmo chegou a ser coñecido como poucos escritores galegos en Portugal: Manuel María.

Portugal ten as cores
da melancolía e da esperanza
e florece en outonos perfectísimos
Os días portugueses quedaron en min
incomovíbeis, cunha dourada luz!
que ilumina, maina, os meus desvelos,
Sempre. Sempre volto. Sempre.
E nunca mais me vou de Portugal.

El e outros estudosos da nosa cultura e da portuguesa abrironnos o camiño a moitos de nós. É por iso que é unha obriga nosa deixar o camiño máis aberto aos máis novos

Facemos, pois, deste encontro un lugar de convivio para ir transformando a raia como lugar de encontro que xongue dúas realidades e non a ferida que deixou unha separación histórica e en contra da historia que dun mesmo pobo fixo dous pobos aínda que irmos a compartir os mesmos soños sagrados os mesmos segredos da natureza e das formas máis elaboradas da cultura da Europa.

O Miño é eterna fonte que día a día é roteiro onde nos é entregado o noso común destino as súas incertezas que nos fan escoitar como o tempo esvara na súa tona e a semente do mañá xermina.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Sr. vicepresidente da Deputación da Coruña.

Sr. director xeral de Promoción Cultural.

Sra. Decana.

Señores e señoras congresistas.

Querida Saleta.

En nome das entidades organizadoras a Asociación Socio-pedagóxica Galega, e da Central Intersindical Galega-Ensino, da Mesa pola Normalización Lingüístico e da Asociación de Escritores en Lingua Galega dámoslles a benvida a este congreso que celebramos como un dos froitos dourados deste outono.

As asociacións convocantes fan realidade así o compromiso de entregar o seu esforzo en facer máis coñecida e valorada a obra de Manuel María como parte da normalización cultural da nosa nación. A obra cálida e humana, comprometida, firme e tenra que nos acollerá para sempre co seu abrazo protector.

No pórtico da gloria da nosa terra hai vinte e catro homes e mulleres que falan de dous en dous sobre do futuro de noso, son os fundadores e fundadoras da nosa patria. Dous deles, Otero Pedraio e Manuel María, falan do destino da nosa terra, falan deste día entre a vendima e castañeira nos chaos de Amoeiro e na carballeira de Santa Isabel onde o Miño vagaroso espella os amieiros, a rumorosa luz do día que olla no lonxe os montes de Abadín coas súas nubes en tránsito.

Manuel María, como un dos fundadores da nosa patria, da que precisa día a día ser afirmada, construída en cada tempo histórico, pois a historia para nós non é o pasado, é a memoria en dialéctica co presente.

El viviu non só como testemuña dun país a se transformar, no que un país estaba a desaparecer mancado e outro país estaba a nacer socialmente ferido. Do país que estaba a nacer foi protagonista activo coa súa vida e coa súa obra, que gardaba a memoria e soñaba o futuro; participou así na construción dunha patria dándonos unha obra na que está depositada a alma dun pobo en comunión cunha terra que viviu *rezándoches decote unha pregaría tan cobizosa como esta leira cheíña de centeo que bica o vento manseniñamente*, así fala Manuel María aos dazanove anos

A casa, o fogar dun poeta é a súa obra.

Nela sentiremos non só como o vento da Serra do Xistral trae a primavera á Carballeira de Sta. Isabel senón, e tamén, acompañarán con el na súa obra o diario renacemento da conciencia dunha nación e dos seus movementos sociais que estaban a se organizar: ferreiros dun mundo mellor.

A obra de Manuel, neste mar de novembro que veste os seus ceos de veludos azul un algo violáceo, amantiño, ao relela na súa ausencia, agrándase, colle a súa altura, colle a dimensión da luz máis humana, a que madurece coas cores da tenrura e nos reivindica para non ser desposuídos da nosa terra.

Reunímonos arredor da súa obra cun compromiso que será guieiro de futuro: entregar ás novas xeracións a súa obra recoñecíbel, e recoñecida: posta en valor, a súa obra cálida e firme que nos guiará sempre, que nos axudará a non nos perder no camiño de construír a patria que el soñou.

Nestes próximos días de congreso, coa súa obra volveremos atravesar o regato do Cepelo como quen atravesa un mar de soños habitado polo ser do Poeta. E un aradiño de pao tallado coa súa navalla abrirá de novo sulcos na tenra pel da terra fértil para se nos ofrecer serenamente na luz que soña se facer flor .

E nós, como a terra que el amou, acolleremos de novo as súas palabras que son semente de futuro.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Coa nosa gratitude ao Instituto Camoes, á súa delegación en Vigo por nos ter convidado a este Encontro de Escritores Portugueses e Galegos e coa vontade de que sexan o inicio de relacións de colaboración mutua.

Así pois as miñas palabras breves e só para dar as grazas por nos invitar á Aelg participar neste acto de clausura. Agardo que estas xornadas aumenten as colaboracións iniciadas no acabado de celebrar Simposio Letras na Raia; é por isto que atoparán nestas miñas palabras ecos das reflexións pronunciadas hai poucos días en Vilanova de Cerveira e Goián.

Concordamos que máis que nos tratar mutuamente con palabras vacías e grandilocuentes como paraísos perdidos ou como terras prometidas é bon de ollármonos como dúas identidades fillas dun único territorio histórico común, dunha mesma lingua troncal que quere aprofundar no seu coñecemento para así recoñecérmonos a nós mesmos. Para isto é necesario saber de onde vimos os dous pobos e ollar en que lugar do camiño nos distanciaron para ir tecendo de novo relacións e ir reconstruíndo as partes do común camiño histórico que nos borraron.

Os novos estudos de historia estannos a demostrar que portugueses e galegos compartimos mais historia da que se nos fixo crer. Estes estudos fannos reflexionar sobre a nosa identidade nacional e sobre como a construción da mitoloxía española-castellana necesitou de destruír o papel dos outros reinos peninsulares previos á existencia de Castela.

Pode parecer que estou a falar do pasado cando falo de historia mais estou a falar da memoria do presente, porque a imaxe mutua que teñen os nosos pobos é debedora desta historia deturpada.

As novas xeracións precisan da construción dun futuro onde nos coñezamos e recoñezamos mutuamente, que as dúas literaturas beban do manancial das augas transparentes das nosas identidades sen intermediarios, e podermos falar de nós mesmos e das nosas visións do mundo que non sempre serán coincidentes.

E determinante poder ter institucións culturais estábeis, o que non quer dicir que as necesarias relacións queiran ser só institucionais, mais é necesario un certo grao de institucionalización para que estas permanezan, para que teñamos lugares físicos e actos ciclicamente temporais, como esta Casa de Arines e estas xornadas, onde poder concretar encontros, onde poder intercomunicarmos amizade, literatura, pensamento, para que as veas culturais dos nosos corpos sociais sexan receptivas ao latexar dun mesmo corazón que é un mesmo idioma troncal.

Isto creará un substrato de novas relacións que van crear, de certo, camiños novos poboados de afectos de admiracións literarias e persoais mutuas. Alimento literario e cultural mutuo.

Reitero a miña gratitude, e fican clausuradas estas xornadas á espera de próximos convivios nun futuro inmediato.

Sr. Director Xeral, Sra. Delegada Provincial de Cultura, Vicerreitor da Universidade de Vigo, Autoridades, Amigas e amigos:

Convocámonos este ano arredor dos Bos e Xenerosos que nesta terceira edición recaeu nunha organización como o Colectivo PONTE.....NAS ONDAS!, que vén traballando desde 1995, e que nace coincidindo coa inauguración da ponte internacional entre Salvaterra de Miño e Monçao, a canda o Miño e que, como o noso río nacional, é afondador na rocha viva da nosa cultura dándonos a súa auga de fonte da vida.

Desta efeméride é que toman o seu nome e, arredor do mesmo, traballaron ao longo de máis de dez anos unha xornada de radio elaborada, anualmente, polos alumnos e alumnas de máis de corenta escolas

de Galiza e do norte de Portugal. Porque só facéndonos traballo colectivo, só así é posible plasmar o labor dun pobo que o levou a insculpir na laxe comunal o ser e o soño.

No seu traballo podemos ollar como o noso pobo coñeceu o humano ciclo da rosa, como interpretou o sentir das ondas e o canto do ouriolo.

Creamos míticas interpretacións do cosmos cando estremecemos cada vez que alguén de noso olla a lúa.

Loubado sexa sempre o coñecemento que nace da comunicación entre os humanos, que fai renacer a espiga e tece o seu ronsel de soños de futuro entre estes rapaces, alumnos e alumnas, que non son espectadores do devir da historia, que participan, coordinados polo saber dos profesores/as, colaboradores con eles. Eles elaboran ao longo do curso escolar cadanseus programas, que serán emitidos en directo desde varios estudos durante toda unha xornada de radio. Como hoxe faremos desde o MARCO.

Este Colectivo que promoveu a candidatura Galiza e o norte de Portugal para ser declarado pola UNESCO Patrimonio Oral e Inmaterial da Humanidade abriu un camiño que esta Consellería de Cultura e Deporte asumiu como propio e que o vicepresidente do goberno galego defendeu persoalmente.

O noso patrimonio oral e inmaterial alimentou o noso sistema literario, foi determinante na elaboración dun certo canon literario nacional con que todo pobo se dota a si mesmo para interpretar o mundo. Non somos certamente o único pobo que, privado historicamente de poder político e da elaboración de certa cultura, tivo que se apoiar de xeito determinante na súa cultura popular, na súa cultura de transmisión oral. Traio para aquí o caso de Irlanda, totalmente depredado o seu patrimonio material polo imperio inglés, que fixo da cultura popular e da súa literatura depositaria da patria,

ou o caso de Grecia, que reconstruíu o seu sistema literario baseándose na cultura de transmisión oral despois de cinco séculos de estar privado dos seus dereitos como pobo polo Imperio Otomano.

Os galegos, coma eles, sabemos que en cada pensamento, acochadiño no máis humilde ser, se contén ideas universais que xustifican a translación das estrelas.

Os poemas populares, creados, cheos de tempo efémero, substráense á acción do tempo, permanecen evitando a morte do pensamento que nace dos traballos do día a día.

A nosa cultura popular fainos acenos dende o fondo do tempo, atravesando séculos e séculos. Sabemos os galegos que, ao longo de

milenarios, construímos os Ciclos Agrarios, entretecemos o pulso da Natureza.

É obriga nosa, tamén da Asociación de Escritores en Lingua Galega, participar en recuperar e conservar esta herdanza e a cosmovisión que dela nace e nela se manifesta, facéndose patrimonio colectivo, polo que nos poñemos á disposición da Consellaría de Cultura e Deporte para ser copartícipes nos traballos futuros encamiñados á renovación da candidatura.

Tamén os escritores e as escritoras galegas quixeramos poder honrar a todos os homes e mulleres que transmitiron oralmente a nosa cultura, que nos deron a coñecer contos, lendas, adiviñas, música, teatro, e formas singulares de interpretar a natureza. Podermos honrar tanta memoria sementada no corpo da nai nutricia que arrecende e nace, que é latexo sen límite.

Que toda esta memoria colectiva, que vive hoxe porque nos foi transmitida, sexamos capaces de deixala en herdanza tamén nós, como un vieiro máis dos procesos de restauración da nosa memoria identitaria.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Querido e admirado poeta., Sra. Conselleira de Cultura, Sr Embaixador de Palestina no Estado Español, Sres. deputados do Parlamento galego, Sr. Director Xeral de Creación e Difusión Cultural e Sr. Director Xeral de Xuventude e Solidariedade, Sr. Vicesecretario da Real Academia Galega, Sr. Tenente de Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, Sr. Presidente da Fundacion Araganey, Sr Presidente da Mesa pola Normalizacion Linguistica, Sres. Profesores da Universidade de Santiago de Compostela, queridos escritores e escritoras, amigos todos.

É unha profunda honra para a Asociación de Escritores en Lingua Galega iniciar o seu Premio Internacional, ademais de nomear Poeta Galego Universal, co poeta Palestino Mahmud Darvish.

Un poeta que escribe unha poesía vencellada á paz, nunha terra que quere ser chamada polo seu antigo nome : A TERRA DO AMOR E DA PAZ, que quere ollar a beleza do vermello só nas rosas e non como unha cor da dor.

Naceu en Birwa, unha pequena vila de Canáan que xa non existe porque foi destruída. Poeta da paz herdeiro dunha antiquísima cultura, mestre no manexo da linguaxe e dos recursos poéticos, alza a súa voz na súa terra invadida e di:

Estranxeiro, pendura
as túas armas na nosa palmeira para que semente o meu trigo
nos eidos sagrados de Canáan.

Hoxe queremoslle ofrecer a nosa admiración e recoñecemento á súa obra poética nesta cidade onde habitan a memoria dos seres que soñaron o futuro do pobo galego. Aqueles para quen como o noso poeta homenaxeado, a verdade poética non só existe por como se di, senón porque leva no seu interior xermes de futuro para os nosos pobos, que é dizer para a humanidade.

Os escritores e as escritoras galegas somos conscientes que temos que asumir as nosas responsabilidades sobre o destino deste anaco da humanidade que é o pobo galego, mais tamén temos que ocupar o noso lugar con propostas éticas complementares dos nosos textos de creación literaria, e expresamos a nosa demanda de xustiza e liberdade para o pobo palestino, por iso demandamos o seu dereito a vivir dignamente en paz nun Estado independente e repetimos as súas palabras que ben poderían ser tamén para nós:

Temos nacido nesta terra, vimos dela. Non coñecemos outra nai, nin mais lingua materna que a súa propia.

Compartir co Poeta Mahmud Darwich a súa experiencia como poeta, e como poeta palestino, achéganos a comprender o noso papel de escritores para co futuro da nosa terra. Dinos nun seu texto:

“O meu dereito a un futuro implica revolta contra o presente e defensa da miña lexitimidade no pasado.”

O presente do noso poeta foi sempre a suma de desgarradores e sucesivos exilios, de sufrimento e vida: Beirut, o Cairo, París, Amam, Ramala, tamén exiliado na súa propia terra, mais sempre a plasmar na súa linguaxe poética a súa identidade.

Cando a realidade nos desborda de tan cruel e inxusta, tomamos nas nosas mans fragmentos dos seus poemas e son fragmentos de amorosa luz e son como anacos de sol que trae o vento coas súas sílabas.

Pregúntase o Poeta que quixera vivir en toda a súa plenitude a celebración do amor “como poder non se deixar afogar no eu do Poeta nen perdelo ao se transformar en portavoz do seu pobo”.

O noso Poeta consígueo, pois ao ser el, está a encarnar o seu pobo. Ao escribir poesía amorosa está a construír a súa patria libre nunha terra ocupada. Gaña aos ocupantes a súa liberdade individual negada, que é a liberdade colectiva do seu pobo tamén negada.

Todo ser contén os límites do ser colectivo aos que pertence.

Mais non abandona a construción dunha linguaxe poética rica coa súa escrita da súa propia vida que é parte da vida colectiva do seu pobo. Aínda que como el nos di, cando cantaba na prisión as saudades do pan e o café da súa nai, non quería traspasar as fronteiras do seu espazo familiar, mais era o símbolo de todo un pobo as saudades da vida familiar en paz.

O poeta dinos que non se pode recusar o político porque é preciso estar día a día a participar dos feitos da realidade e da historia. Non participar sería non ser protagonista da empresa da esperanza, dinos

Celebramos os galegos o ano da memoria, e lembro ao escritor español Juan Goytisolo cando fala da destrución do centro cultural Jalil Sakatini e a súa grande biblioteca e documentación histórica moi importante para o pobo de palestina, que dirixía o noso poeta homenaxeado. Goytisolo compárao coa destrución da biblioteca de Saraievo:

Unha forma de etnocidio, de memoricidio, pois o pobo agredido non será nunca derrotado se non se consegue borrar a memoria trágica da súa causa.

Cando o poeta escribe un poema feito a un neno que morre en brazos do seu pai cribado polas bala asasinadas dos soldados etnocidas e que moitos e moitas de vostedes ollaron pola televisión, entréganos un poema que fala do soño dese neno na súa normalidade de a diario; léolles un fragmento:

Muhammad,
Acochado nos brazos do seu pai, é un paxaro temeroso
do inferno do ceo: papá, protéxeme,
que quero saír voando, e as miñas azas son
demasiado pequenas para o vento... e está escuro.

Muhammad,
quere volver a casa, non ten
bicicleta, tampouco unha camisa nova.
Quere irse a facer os deberes
do caderno de conjugación e gramática: lévame
a casa, papá, que quero preparar a lección
e cumprir anos un a un...
na praia, baixo a palmeira...
Que no se alonxe todo, que no se alonxe...

Na dor busca o soño da normalidade. O poeta é referente da causa dun pobo, mais permítanme que lles diga que é dobremente referente cando desce ao seu centro de ser humano que busca a normalidade. O poeta que ama e que en soidade percorre os camiños da fragilidade, que fai do seu camiño unha outra forma de liberación, que busca na vida que acontece no seu arredor, ao poeta que ama ou se doe de desamor, poderán quitarlle, mais nunca o canto nunca a rosa, nunca a lágrima que busca un beixo na meixela do tempo de seda.

Aínda sendo fillo da historia dun pobo ao que se lle nega a súa existencia, dinos o poeta "eu non acepto ser considerado unicamente como un cidadán palestino. Quero poder abordar a historia e o combate do meu pobo desde un ángulo estético, distinto á lectura política corrente e repetida. Aspiro a enraizar a miña verdade no humano e universal, e non en calquera interpretación puntual que o puidera limitar"

Isto significa que non só traballa no día a día polo seu pobo, senón que traballa como poeta no futuro da lingua do seu pobo, que é a patria do noso poeta.

El ama a vida e a rosa e a amapola máis que a bágoa, e con eles devólvelles ao seu pobo, día a día, o máis cálido e fértil da vida futura.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigos e amigas, autoridades e membros das institucións do noso país.

Coa nosa ledicia pola vosa presenza, dámosvos a benvida a esta Cea das Letras que, este ano, neste novo formato, entregará aos escritores e escritoras galegas o recoñecemento dos seus compañeiros e compañeiras na escrita, e en compartir o proxecto de futuro para o noso país.

Os xéneros premiados correspóndense, grosso modo, coas seccións da Asociación que camiñarán, en concreto a de teatro, a ser seccións con funcionamento autónomo, e que será constituída antes do verán.

Dinos André Bretón que *"a obra de arte só ten valor cando treme de reflexos de futuro"*. Vennos dicir que o calendario dos días do escritor non conta o tempo como os reloxos, na súa estática e fría e impertubábel linearidade, senón que conta os días e os seus fragmentos, solares, coa luz e a sombra das súas tépedas palabras.

O escritor e a escritora galega están no camiño da construción e da comprensión do transcorrer da historia como un labor no día a día, cuxos latexos queren se facer perceptíbeis no presente e no futuro.

Nestes días pasados recibiu o premio internacional da nosa asociación o escritor palestino Mahmoud Darwich, que por problemas de calendario non nos puido acompañar nesta Cea das Letras.

Ofrecémoslle tamén, o premio, que o será de xeito excepcional, de poeta galego universal, como forma de abrazo fraterno.

Aínda coas súas palabras a resoar nas pedras desta cidade deixounos dito que, ao mesmo tempo o poeta ten que asumir as súas responsabilidades públicas na construción da sociedade á que pertence.

Tentamos de soportar con azas de bolboreta o peso da nosa historia, a que atravesa a imaxe do humano e diario acontecer e que ten sempre a ameaza de desaparecer en cada anaco de presente ensimesmado.

O escritor e a escritora galega queren ser partícipes deste momento histórico ilusionante e esperanzado de mudanza que está a vivir a nosa nación, en se dotar de instrumentos de construción do propio futuro no cultural, no social e no político.

A literatura ten a consciencia de poder facer saltar o *contínuum* da historia coa súa acción. A nosa escrita, coas súas leves palabras, gustaríamos que axudara a traer un calendario novo.

Que estes días nos que construímos este calendario cumpran o oficio de acelerador histórico do tempo, do que nos debe a Historia que nos negaron.

Non podemos renunciar ao concepto dun presente novo que non é transición que se nega a deterse no tempo.

A terra é a lingua

E quen antes dá conta da súa terra ao escribir dela é quen antes se pode declarar merecente dela, díxonos Darwich nun verso que xa ten sido escrito por Manuel María ou Avilés de Taramancos ou Uxío Novoneyra.

Que esta verdade emerxa sempre perfecta como a laxe acabada de labrar polas augas claras do río nunha súa soidade creadora como a do escritor.

Esta verdade sempre viva que atopamos unha e outra volta, tal e como a descubrimos a xurdir en nós, pola nosa experiencia persoal e nos acontecementos que compartimos no exercicio colectivo da nosa identidade.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Dinos o poeta William Blake que o poeta pode ollar un universo nun gramo de area, e o ceo nunha flor do campo; por isto invítoos a que ollen nesta árbore, nesta fráxil oliveira, a obra da nosa escritora a medrar no día a día, coa chuvia de abril e co sol de agosto, co ir e vir dos mariñeiros que soñan co alén das Illas Cíes.

Ría do mar de Vigo
quen te mirará
barquiño de vela
lévame pra alá

dinos a poeta.

A oliveira, coas súas pequenas flores brancas, en acios, baixo das follas cincintas, que escribe outras linguaxes nas marxes do pensamento, que é primavera e xermina, tamén no noso idioma, as palabras que habitan os poemas de María do Carme Kruckenberg, e que, como os froitos que serán óleo, mineral sangue, oculto no centro do froito, nos levan de regreso aos tempos da infancia, cando cun ramiño de oliveira, camiñamos procesionais no domingo de ramos, cando a luz deita as súas migallas prateadas, e a oración era perplexidade misteriosa.

Na pedra o poema, a palabra insculpida, acóllese íntima, vertical, como bandeira que se fai leme para os corpos das barcas, polos que a nosa poeta fai pasar o tremor do vento para que cante nos seus berces / aventuras caladas

A cidade que espellou a súa infancia e pola que se doeu de ausencia, é a quen lle entrega este poema na pedra, esta palabra, estes versos que se encontran coa pedra, que así respira e sente, e esta faise pel e faise tacto e caricia e, así se libera da materia mortal e se fai grito nesta pequena parede tallada, e navega no veleiro que está sempre a partir
no peirao dos soños.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Sra. Alcaldesa, Sr. Presidente da Autoridade Portuaria, querida María do Carme Kruckenberg, amigos e amigas:

A AELG convócanos para celebrar na figura dunha nosa escritora, ademais do fermoso e amoroso paso do tempo no seu aniversario, que hoxe celebra, e tempo que do que ela nos seus versos di:

Nunca sei si fuches en verdade
porque os soños e os recordos,
pérdense nos recunchos da dubida.

para celebrarmos con ela unha vida que foi, que é, aventura irrepetíbel polas máis diversas culturas e países, tamén na nosa nación: terra de sabedoría eterna cuberta pola poalla dunha luz inextinguíbel. Celebramos tamén unha obra que ela quixo facer porque

“ é preciso tratar de coller a primeira estrela da noite
na escuridade dos sentimentos”

dinos a poeta.

A primeira comunicación miña con María do Carme Kruckenberg foi cun seu libro da colección Salnés, Canaval de Ouro; atraíame aquel nome suxerinte e estraño para min, no ámbito dos nomes galegos. Compráralo na librería Xistral, nunha das miñas viaxes de Ourense a Monforte, por unha das paisaxes en tren máis fermosas que pode concibir a natureza e coñecer o ser humano, para me atopar co noso querido e admirado Manuel María.

Ao tempo que lía os versos de amor que habitan o seu canaval de ouro -deste seu libro cheo de luz- atopaba o camiño desta terra con poemas e poetas que, como para a nosa poeta, eran grata compañía e viero de ledicia:

Polos dous
ista risa
de estrela no chan,
i estes ollos
de nubens loiras.
Por ti e por min
Iste novo alumear
do corazón.

O paso do tempo fíxonos confluír con ela na amizade e no noso traballo cotián polo noso país: vicepresidenta da AELG nun tempo non doado para a nosa

asociación, no que Antón Avilés era o noso presidente, nun tempo de alleamento cultural.

A nosa poeta, creou unha obra poética ao longo de máis de cincuenta anos, nos diversos contextos que cada tempo determina coas súas formas literarias, buscando e bebendo nas raíces máis escuras e máis luminosas, coas que o home e a muller en cada tempo conforman o seu presente e conforman o seu futuro. Sempre escoitou o paso do tempo que olla para nós cos seus ollos de silencios azuis. A nosa poeta dinos:

Teño que roubarlle tempo ó tempo
e renovar a dor inocente
que se axita e presinte

A súa poética foi camiñando, compasado o devir, anovando o día a día que acompaña e transforma a poeta, fundándoa.

No ano 1956 dinos:

centilacion dunha noite
deitados encolo a erba
ti mirando que che mira eu debecendo unha estrela”

No ano 1976 dinos:

vou en contra de todo, coma o vento
de todo o que me doi e me latexa
como unha pomba mal ferida

No ano 1992 dinos:

xamais a dimensión da esperanza foi estraña ao meu sentir

Aínda que os conceptos do poético se definen dun xeito novo, e cambian ao longo do tempo, nos poemas sempre habita o temporal, o efémero que a beleza quere apreixar nas cousas eternas. Este ser do variábel poético, este fuxir do permanente,

habita toda obra poética, tamén a da nosa autora, que eliximos como poeta deste ano 2006, como escritora galega con E maiúsculo que é.

Parabéns querida e admirada poeta, querida e admirada amiga.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Sr. Director Xeral de Xuventude, Sr Presidente da Cámara de Vila Nova de Cerveira, amigas e amigos escritores:

A Aelg hónrase en poder celebrar con todos vós este segundo encontro dos xoves escritores e escritoras que ao longo destes días nos ofrecerán propostas coa vontade de construír outro presente e, sobre de todo, de construír outro futuro.

Para nós e para a cultura do noso país, os xoves creadores en diálogo coas xeracións precedentes son garantía de futuro para a nosa escrita.

Facémolo novamente nestas dúas vilas que río Miño xungue, para que estas dúas gallas da mesma árbore do idioma galego-portugués sigan a recibir a luz dun ceo común, e as súas raíces a saiba nutricia de terras irmás.

Acabado de chegar de Euskadi, onde a nosa asociación ven de participar nos preparativos do Galeusca 2006, na Fundación Chillida-Leku lembraba eu que o tema deste ano ten moito que ver con estas xornadas.

O tema é o tabú, a necesaria literatura transgresora, a literatura que rompa os tabús que a vida do real vai depositando sobre as nosas culturas e sobre as nosas literaturas. É misión fundamental dos xoves creadores a permanente transgresión dos tabús que, mesmo as xeracións precedentes, poidamos xerar.

Xoves escritores e escritoras, tantas veces, en diálogo necesario e insolentemente creador coas súas xeracións precedentes, que fará que o noso sistema literario se consolide, mesmo porque constantemente sexan cuestionados os tabús que o propio sistema literario produce.

Concreción da preocupación desta equipa directiva é a formación de novos creadores de xoves escritores que dean fermosos froitos de futuro, é esa é a intención dos obradoiros de escrita literaria que se están a ofrecer coa axuda fundamental da Dirección Xeral de Xuventude, e que agradecemos sinceramente.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigos e amigas, autoridades, querido Isaac:

Facémosche nesta entrega simbólica, unha xusta e merecida homenaxe á túa persoa, fundadora con Luís Seoane de esa experiencia vital e iluminadora para o noso país en anos de escuridade de xisto e desasosego e desmemoria, que é o Laboratorio de Formas de Galicia

Facémola aquí ollando ao Atlántico, hoxe de cabelos brancos, ao carón do porto por onde saíron, rumor de auga nutricia, entraña errante, milleiros e milleiros de galegos e galegas emigrantes e exiliados, ficando a nosa terra extenuada de tanto se desangrar dos seus fillos; moitos e moitas delas aínda levaban os beixos de sucre intactos nos seus beizos, eles a cerna do ser da nosa terra.

Celebramos en homenaxe un proxecto que da raíz máis fonda naceu, que foi concibido no humus creador onde vive a arte, a literatura coa industria sementeira.

As formas debedoras do Sargadelos histórico e das vangardas artísticas do século XX.

Celebramos un proxecto colectivo que foi lugar para a memoria como alicerce do futuro.

Se me permites, parafraseando a Walter Benjamin: É un barco construído na dialéctica de levar o vento da historia no velame. El di que a arte de izar o leme é o decisivo, a arte de sabermos dialogar co vento da historia, para nós navegar.

Agradécémosche, Isaac, e acollémonos á sombra protectora de Luís Seoane, para mostrar a gratitude das novas xeracións, dos herdeiros do pensamento de Castelao e Bóveda e Camilo Díaz Valiño, da dignidade que sementou a nosa emigración, os exiliados. Orgullámonos dos seus froitos que ti trouxeches de retorno á Nosa Terra para que seguisse a ser a Terra dos Nossos Soños, para que seguisse a ser a Terra Prometida, para nola entregar intacta para o noso ben: para nos entregar coa man e a ollada emocionada a dignidade dos bos e xenerosos.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Señor Reitor.
Señores e Señoras.

A Asociación de Escritores en Lingua Galega hónrase en poder compartir coa Universidade da Coruña esta segunda edición das xornadas sobre a lei da propiedade intelectual e o dereito de autor/a, tan necesarias para a formación dos autores e os profesionais do dereito.

Neste tempo, que deixou atrás outros nos que a regulación do dereito de autor era fillo da protección, só naquilo relacionado co libro impreso ou mesmo para a reprodución fonográfica e cinematográfica, plasmada na conferencia de Roma do ano 1928, que nos falaba de que “a vulgarización e a enorme difusión da obra do espírito entrañaba o risco da multiplicación de atentados á súa integridade e aos intereses do autor”.

Hoxe, dentro da sociedade á que pertencemos, e inmersos en todo aquilo que supoña a realización en plenitude do ser humano, e na extensión da utilización masiva da explotación das obras de creación nas súas mais diversas formas e baixo as máis diversas formas de empresariado nacional ou multinacional, fan necesario que a creación escrita ou audiovisual teña normas de protección como a directiva europea do ano 2001 que “harmonice dereitos de autor e dereitos afíns na sociedade da información”.

Agardamos que estas xornadas axuden a que todos os interesados no ámbito da creación e da edición, nas súas diversas formas, sexan respectuosos cos dereitos dos autores, fornecedores de contidos dunha industria moi importante que, ademais, é estratéxica para a supervivencia de todo país.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigos e amigas, Señor Concelleiro de Cultura do Concello de Compostela,
benquerido e admirado escritor.

Acollemos nesta cidade, no corazón da nosa nación, no silencio da cidade na que as pedras acollen os fondos latexos da nosa historia, acollemos o escritor a quen a Asociación de Escritores en Lingua Galega concede este ano o seu Premio Internacional ao mesmo tempo que o nomea a xeito de abrazo fraterno Escritor Galego Universal.

É un escritor que ten como centro de gravidade da súa obra a formación da nación angolana, da identidade nacional angolana. Concordo plenamente co seu pensamento sobre da implicación do escritor. Dinos Pepetela:

Creo que a misión do escritor é facer pensar ás persoas sobre o país, non dar receitas. Iso corresponde a outros. A literatura debe axudar ás persoas a reflexionar, a pensar, a sentir, a transformarse en persoas libres.

Dispois de falar nunha entrevista da súa obra dinos:

Eu gosto é, exactamente, de fazer ficção e, sobre essa ficção reflectir sobre certos problemas que se põem — fundamentalmente esse da nação. (...) Aliás, eu penso, nessa fase em que vivemos, na fase da formação da nação, em todos os países isso aconteceu, sempre houve escritores —e não só escritores, outro tipo de intelectuais, artistas, etc. —, que reflectiram sobre esse problema da formação da Nação, e as suas obras desenvolvem-se com esse fundo, essa base.

Coller na man un libro de Pepetela é abrir os sentidos ao noso propio idioma nutricao, abrírmonos á cerna dun idioma que é capaz de se recoñecer na máscara de Muana Puó e os seus ollos de améndoas, case que fechados, tristes para esconder as lágrimas na festa da circuncisión, ou un idioma que é capaz de ler nos intersticios do albor e o solpor galegos, do noso Fisterra humano e xeográfico.

Só desde a humildade do humano é que o escritor pode percorrer a inmensidade da natureza que o acolle; así Pepetela dinos que o home é un punto minúsculo na inmensidade da chaira asolagada ou que o sol é un ser que nos guía e nos dá vida e ás veces dor.

A súa literatura está alimentada polas historias da tradición oral do seu país, da diversidade dun pasado de cultura milenaria habitado de realidade que é soño e é realidade soñada e duro día a día.

A tradición oral construíu a memoria colectiva da que bebe Pepetela e tamén do presente día a día vivido, nunha súa biografía que é a biografía colectiva do seu pobo.

Pepetela é o pseudónimo de Artur Carlos Mauricio Pestana dos Santos. Naceu en 1941, en Benguela. Foi alumno do Instituto Superior Técnico, e da Facultade de Letras, en Lisboa, e estudou Socioloxía na Franci e na Alxeria. Foi comandante do Movemento Popular de Liberación de Angola (MPLA), profesor de Socioloxía nas Universidades de Lubango e Luanda e Viceministro de Educación de Angola. No 1980 recibiu o Premio de Literatura Africana, da Unión de Escritores de Angola, pola súa obra "Mayombe".

No proceso de liberación nacional do seu pobo no que participa é que Artur Carlos Mauricio Pestana dos Santos vai se dar o nome de Pepetela que para nós galegos é nome próximo como de irmao ou de veciño noso de porta.

El fixo e fai o que todo escritor nacional, por selo, fai repensar a historia do propio país na súa diversidade étnica e de fragmentos de verdade que todo ser humano posúe.

Na Angola e na Galiza, a terra coas súas veas de auga alimentou sempre a sabedoría popular. Sexa angolana, sexa galega, é como un ser vivo que está a construír ou a reconstruír a casa comunal, cos alicerces na literatura de tradición oral como depositaria do ser. Dela bebeu Pepetela e dela estamos a beber moitos dos escritores galegos.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigas e Amigos, Sra. Conselleira de Cultura, Autoridades das institucións do noso país:

Celebramos esta festa das letras, esta festa da palabra, da escrita, e celebramos os libros e os escritores e escritoras que os escribiron, neste ano transcorrido, no que a nosa literatura deu á luz libros fermosos que pedra a pedra constrúen a nación dos galegos en dialéctica creadora.

A equipa directiva e todas e todos vós, hoxe traballamos en ocupar o lugar que lle corresponde aos escritores e escritoras galegas na sociedade no seu proceso de normalización social e cultural.

En palabras de Artur Carlos Pepetela o noso premio internacional, despois de ter participado activamente na liberación nacional de Angola, dinos que o escritor “ten o deber moral de manter una certa actividade, si non política, si de opinar sobre certos problemas”.

Dinos tamén “Os escritores e intelectuais en xeral non temos a solución aos problemas, mais temos a obriga moral de chamar a atención sobre eses problemas para dalos a coñecer, mostralos, evidencialos. Nese sentido, si temos una certa visión crítica.”

Como escritoras e como escritores galegos pronunciámonos cun manifesto na defensa do noso monte e contra os incendios que desangraron doridamente a nosa natureza; como persoas comprometidas coa cultura de noso e, por tanto, implicados na construción da nosa identidade, dixemos na comisión do parlamento ao que foi invitada a nosa Asociación, que desde o Rexurdimento, os escritores galegos asumimos as nosas responsabilidades para coa Galiza e estivemos inmersos na digna tarefa de recuperar a nosa historia, o noso patrimonio, a nosa ciencia, a nosa literatura, a nosa cultura, en fin, a nosa nación. Debémolles a todos eles, aos Precusores e aos membros de Nós, e a tantas outras e outros que no ano trinta e seis entregaron a súa vida nesta causa, debémolles a construción da nación que soñaron, que chanta as súas raíces no humus da dignidade humana.

Para ser instrumento de normalización, como Asociación asinamos convenios de colaboración coas Tres Universidades galegas, coa Biblioteca Virtual Galega, co Fundación Sotelo Branco, asinamos convenios coas Consellarías de Cultura, de Industria, da Presidencia e coa Vicepresidencia do Goberno Galego, coa Deputación da Coruña,... e este ano, incorporamos o Concello de Compostela, na súa Concellaría de Cultura.

Todo isto veu dando os froitos como o da nosa web que está a recibir máis de mil cincocentas entradas diarias ou os obradoiros por institutos e centros culturais ou sociais e congresos.

En todos eles participaron de xeito activo e directo, ao longo do ano 2006, mais de cento sesenta escritores e escritoras.

Seguimos a traballar, nestes tempos do dominio da imaxe, en conseguir a visibilidade social do escritor e en conseguir que a necesaria soidade creadora non cale o noso pensamento a nosa necesaria participación na vida pública.

Creamos no noso vello idioma creándonos. Coñecemos recoñecéndonos nas palabras que portan sobre si a memoria do noso ser que tamén é ser colectivo e así fundamos refundando día a día o noso idioma.

Lendo o poeta coreano Ko Un dinos "aspiro a ser alguén que escribe sempre por vez primeira aínda que sexan tenues sombras dun pasado remoto"

Nada se crea da nada todo nace de camiñarmos, de abriremos camiños novos sobre a traza dos vellos camiños que abre a nosa escrita, fundada sobre outras escritas.

Camiñamos os carreiros da creación, que é lugar, segundo o dicionario, estreito e peonil para mellor percibir a realidade, e hai que camiñalo de un en un.

Amamos as palabras que abren o camiño aínda que cada lector coas mesmas palabras abra camiños distintos; tan persoais como que trazou o que escribiu. Concorro con Francis Ponge cando di que toda escrita, aínda sendo "irremediabilmente subxectiva" (como nos di Sartre), e tamén sempre, na súa significación última, escrita social.

Hoxe e un día de celebración da literatura e dos escritores coa intención de vérmonos, de partillar entre Nós, de agasallármonos coa nosa mutua compañía, cos nosos invitados, con quen compartimos a construción do futuro do noso país.

Este ano damos a benvinda á sección de crítica; axudará a consolidar o noso sistema literario.

Antes de dar lectura aos gañadores e gañadoras e felicitar os escritores e escritoras pola alta participación nas votacións, saudamos dun xeito especial o noso premio internacional Artur Carlos Pestana Pequetela, que ademais nomeamos como escritor galego universal como xeito de abrazo fraterno dos escritores e escritoras galegas.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

No Parque de Concepción Arenal.

Amigas e amigos:

Convocámonos arredor desta pedra na que fica insculpida a madurez do pensamento, do sentir do escritor, do dramaturgo, do poeta Manuel Lourenzo.

Nesta pedra, nesta materia mineral que vén da entraña viva da terra para ser lugar da escrita onde Manuel Lourenzo, como o canteiro que tallou nela os seus versos, traballou en palabra leve coas estruturas xerminais do ser humano, as mais profundas e primordiais.

Neste texto el escribe a biografía do humano, do que sempre é camiño inacabado, camiño sempre a comezar. O camiño que vai do mencer ao solpor á busca da palabra revelada na súa palpitación, para dar á luz, para dar á vida, as verdades esenciais do humano. A súa obra e acrujolada conciencia das mais profundas sombras mananciais sacou á luz todo o que o ser humano ten de fermoso e dolorido, para que nunca se borre das nosas conciencias a vella memoria de todo o que permanece na nosa cultura deste anaco da humanidade que somos os galegos.

Fica aquí a ollada de retorno sobre a propia vida dun home que nunca partiu, porque dos territorios da infancia nunca se parte, porque son a pedra baselar na que todos os seres escribemos con palabras indelébeis todo o que é Soño fundador de Nós mesmos, e que para o escritor Manuel Lourenzo teñen esta praza como lugar e símbolo

Diante da casa onde naceu, no lugar onde xogou, nesta praza na que soñou os países que só eran maxín, vimos hoxe despois de que se fosen facendo humana realidade.

Aquí nesta terra naceu ao idioma, que sería no futuro o seu instrumento na escrita e na palabra, idioma ao que desde o teatro lle daría forma e contidos sempre de xustiza e de humana liberdade. Creou unha obra que fai que nós nos recoñezamos nela como escritor e así o veñamos hoxe recoñecer

Vimos da nación toda, chegamos ao Valadouro, terras fundacionais da historia nacional, terra do mito popular e da Galiza nunca derrotada pola historia, chegamos para chantar na terra entre a montaña mítica e o mar a pedra do poeta.

Nesta fermosa praza e xardín o noso escritor comezou a soñar, a ler as estacións e o seu tempo rumoroso.

No calendario destes ceos soubo da escrita da nube e do número que mide a memoria do coñecemento.

Nesta fermosa terra comeza a escribir Manuel Lourenzo, en palabras súas, "cando todo era para el lugar onde todo se tiña Pechado por mor do vento como en Elsinor", e neste lugar deixamos hoxe memoria na pedra das palabras nas que abre as xanelas á luz de tanto futuro por construír.

Centro sociocultural xuvenil e da terceira idade "Manuel Lourenzo"

A gratitude da Asociación de Escritores en Lingua Galega a todos os grupos da Corporación Municipal do Valadouro, co seu alcalde á fronte, por lle ter dado, por unanimidade, o nome de Manuel Lourenzo a esta Casa da Cultura. Nela , entre outros servizos, está a biblioteca pública, que é lugar querido por todos os escritores e polo noso autor, mais especialmente dos nenos, dos veciños máis novos de Ferreira e de todo o Valadouro, que son a semente do futuro para o noso idioma e para a nosa literatura, que será lugar de iniciación ao teatro á poesía á literatura. Con este acto damos memoria cultural ao edificio e facémolo parte da memoria colectiva de Galiza.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Na Torre de Pardo de Cela.

Vimos de facer fermosa irmandade na escrita da pedra de Tebas e Elsinor e Camelot e o Valadouro e Alfoz, as terras de Pardo de Cela, o noso grande mito nacional da estirpe de Prometeo.

Vimos a este lugar que nunca foi vencido, a esta torre que para os galegos nunca foi derrotada na súa fértil xeometría.

Vimos para lle entregar a Manuel Lourenzo o E de escritor, a el que fixo arder na palabra a luminosidade do mitos, que fixo da súa profundidade, na que está tatuada a historia da humanidade, a cerna vertebradora da súa obra.

Entregámoslle o máximo galardón da Asociación de Escritores en Lingua Galega nun lugar que é dos mais amados dos galegos, de todos os galegos e galegas que nunca quixemos sermos na Historia tan só unha multitude de sombras adormecidas.

Actor e director, mestre de tantas xeracións de actores. Fundador de proxectos colectivos, entregámoslle o E de escritor no colo do barro que amasaron como fecundo barro as mans de Acisclo Manzano

No barro que é a materia onde o punzón traballou na antigüidade e escribeu pensamentos seminais para a humanidade.

Nestes case que cincuenta últimos anos Manuel Lourenzo falounos con obras que foron, na súa dimensión persoal e colectiva e ética, obras fundadoras da nosa nación.

Cando un olla a súa biografía creadora está ao mesmo tempo a percorrer a historia de noso, de todo o que ao longo dos anos aconteceu na nosa biografía comunal para permanecer.

Creador de conciencia colectiva, poeta e dramaturgo a dialogar coa literatura clásica ou contemporánea propia e allea que fixemos nosa, na escuridade de tantos presentes, ou na esperanza de tanto futuro.

A escrita de Manuel Lourenzo, o seu universo que se nutre dos mais diversos territorios, das mais diversas fontes que manan de toda veciñanza literaria. Estas veas de auga nutricia verteron día e noite fragmentos de luz: Helena, Fedra, Electra ou Lanzarote ou Galaaz ou Creonte ou Woyzec. Mitos e divindades do Exeo ou do Cantábrico e do Atlántico pois os galegos somos fillos de dous mares.

Poemas, lendas de tradición oral ou debedoras de antigas epopeas orais, ademais de ser lugares universais e modelos humanos, son tamén e antes de nada, personaxes galegos cunha patria e unha historia nosa enxendrada por Manuel Lourenzo.

A experiencia creadora no sentir do escritor faise experiencia de noso na lectura das súas obras. Na calidez das súas palabras dáse a luz mais fonda do pensar e o sentir mais interior

No estrelecido firmamento da súa obra, o universo de Manuel Lourenzo ten os mais diversos ceos, mais o seu territorio está de xeito indelével vencellado a este

dourado val de Alfoz e Valadouro, crisol da nosa historia e da nación toda. A el entregámoslle a letra E.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigos e amigas:

Iniciamos estas primeiras xornadas co noso recoñecemento á fundamental e inestimábel colaboración do Consello da Cultura Galega ao seu presidente Ramón Villares, e aos seus colaboradores así como á nosa secretaria técnica e á Sección de Crítica que en definitiva é quen sustancia os contidos destas xornadas que botan a andar.

É para min dobremente un verdadeiro motivo de ledicia como Presidente do Consello Directivo da asociación de escritores, porque se fai realidade e inicia o seu camiño de xeito colectivo a actividade da crítica galega que era traballo intenso e ao longo de moito tempo de xeito persoal nos mais distintos foros.

De certo dará froitos vertebradores do noso sistema literario que axudará a fixar as súas pulsións en tempo real e a relación crítica con outros sistemas literarios pois é un síntoma de fortaleza dunha cultura a capacidade de convivencia e interrelación con outros sistemas literarios.

E persoalmente como lector recollo e fago miñas algunhas consideracións de Auden sobre a crítica con gratitude

- a) acercáronme obras ou autores cos que non estaba familiarizado.
- b) convencéronme de valorar certas obras ou autores das mais distintas épocas.
- c) mostráronme relacións entre obras de épocas e culturas distintas
- d) fixéronme acceder a lecturas que acrecentaron a miña comprensión e me deron luz sobre a construción da miña propia obra de creación.

Como poeta a gratitude á crítica de xoves críticos ou de críticos consagrados e mesmo de outros poetas que coas súas recensións críticas e fermosas intuicións téñenme axudado entre todos a fixar o perfil da propia obra.

Lembro con afecto os lectores privilexiados que puideron ter como poeta: A Celso Emilio Ferreiro que fixo a primeira recensión ao meu primeiro libro ou a Carvalho Calero ou a Manuel María que me axudaron a non chegar demasiado apresa ás miñas verdades. A eles e todos vos dedico un fermoso pensamento de gratitude.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

A nosa gratitude á Corporación Municipal por nos acoller nestes días nos que agardamos poder mostrar ás nosas delegacións unha cidade viva que constrúe o seu futuro coas raíces chantadas na historia dos seus máis de dous mil anos. Cidade de tantos escritores que habitaron as súas rúas.

Desde esta Praza Maior, con Pimentel e Fole e Manuel María e Novoneyra, percorrermola como unha cidade de portas abertas, coa súa muralla que é pedra que abraza e non separa a este Lugo tamén dos escritores

agardamos poderlle ofrecer debates e reflexións que fagan destas xornadas do Galeusca un fito na historia cultural da cidade.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigas e amigos, autoridades das institucións do noso país.

Ao longo destes tres días de reflexionar e debater sobre os imaxinarios nas nosas tres literaturas, nos que percorremos as rúas intimas de Mondoñedo e as rúas muradas de Lugo, transitamos as terra que alimentaron o maxín dos nosos escritores Cunqueiro, Ánxel Fole, Manuel María, Uxío Novoneyra..., e o das tradicións orais que deles beberon.

Fillos desta terra onde a palabra romana se fixo canción de outono galego, onde ao lonxe ollaron as serras que desde as murallas de Lugo nos convocan ao seu branco de neve, cos seus espellos violáceos, a súa luz e os seus mences.

Hoxe poñemos o ramo a esta casa comunal que é o Galeusca, construída coa escrita máis actual e a tradición máis lonxincua, que as nosas nacións coas súas literaturas foron tecendo con relacións humanas e literarias, de mutuo e fértil coñecemento.

Galeusca fixo tamén que con vascos e cataláns os galegos nos sentíramos acompañados na defensa da nosa cultura, na reivindicación dunha das vellas culturas europeas, que ten nesta cidade bimilenaria, cuxas murallas son patrimonio da humanidade, o seu máis alto símbolo.

Por ela transitou e transita o Camiño primitivo, como por Mondoñedo transita o Camiño do Norte, os primeiros camiños a Compostela que trouxeron de Europa a este Fisterra atlántico xentes das máis diversas culturas, polifonía dos pensamentos máis diversos que levaron de volta aos seus países unha cosmovisión por nós tecida.

Cada sistema literario ten o seu propio ritmo, que é o que acompasa o devir da historia do seu propio pobo, da súa propia nación.

Nós, os escritores vascos, cataláns e galegos, construímos as nosas literaturas ao mesmo tempo que participamos na construción das nosas respectivas historias e en dotar os nosos idiomas da necesaria actualidade para seren intérpretes dos tempos históricos cos que, nas nosas terras, constrúen os nosos pobos o seu presente.

Mais os escritores entretecemos relacións ao longo de vinte e catro anos porque antes ca nós as tiveron as xeracións que nos precederon: permitídemme que concrete esta relación nos poetas Manuel María e mais Gabriel Aresti e mais Salvador Espriu.

Galeusca, inspirado no Galeusca histórico, renaceu en Poblet hai 24 anos, levando consigo tatuada en cada unha das nosas culturas a memoria da loita pola liberdade dos nosos pobos que, defensores da legalidade republicana, librarón dolorosamente contra do fascismo.

Houbo sempre homes e mulleres que mantiveron a memoria viva desta fértil relación, persoas e colectivos que se integraron nos países de destino e,

afirmándose aínda mais como galegos, integráronse en movementos políticos e culturais que construían os pobos vasco e catalán.

Hoxe celebramos nesta cea fraterna a dúas persoas que son dous bos e xenerosos, dos que fala o noso himno nacional, persoas que co seu labor humano, co seu labor intelectual, intercomunicaron a galegos vascos e cataláns, e que hoxe celebramos neste Galeusca

Damos grazas publicamente a Xosé Estevez e a Basilio Losada e ás súas familias que, sen perderen as súas raíces e co seu traballo, se fixeron parte da biografía colectiva de Euskadi e dos Países Cataláns, e foron ponte de mutuo coñecemento.

Celebralos é a nosa alegría e o noso orgullo.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Señor Alcalde, Señor Director xeral de xuventude e solidariedade, amigas e amigos.

Convocámonos na Cidade de Pontevedra, compartindo a lentitude transeúnte do río Lérez, os seus segredos silencios, e arrolados polas cantigas de Paio Gomez Chariño, que relín en Cunqueiro nestes días, pois algo de facer maxia coas palabras e coas imaxes ten este simposio sobre literatura e cinema.

Vimos galegos e portugueses a Pontevedra na convición de que todas as formas de expresión se alimentan mutuamente, fan entre si un tecido de relacións de creación, intercomunican o saber, rompen barreiras que son máis formais que reais, e que foron froito dos máis diversos prexuízos ao longo da historia.

Hoxe relacionamos literatura e cinema como dúas das máis riquezas e diversas formas de creación, tendemos pontes para que emerxa a súa mesma vertente nutricia e borrar como coa man na area os seus límites, para que non existan fronteiras entre elas.

Letras na raia é unha metáfora da *non fronteira* e ao mesmo tempo un xeito de nomear pola xente nosa o feito de que non hai fronteiras humanas, culturais, entre Portugal e a Galiza, e sérvenos tamén como anuncio de que a literatura e cinema só as separa unha liña invisíbel que pode ser transgredida, cando non camiñada, coa necesaria normalidade.

Conflúen este ano en Letras na Raia cinema e literatura, galega e da lusofonía ou a galeguía, e nelas faremos un percorrido das mutuas relacións. Falaremos da dupla escrita: escrita para ver, escrita para ler. Falaremos da literatura no cinema: adaptadores e adaptado, pois ler un libro de xeito distinto a como quixera un autor é beneficioso -dinos Auden- e así fai o guionista ou o director, ler doutro xeito os textos escritos.

Cada tempo xeracional, como espazo temporal no que somos fillos dunha determinada sociedade, culturalmente definida e en evolución, ten a súa especial relación coa fotografía, co cinema e mesmo coa televisión.

A miña xeración é filla do cinema, que deixa a fotografía na súa soidade creadora. Chegamos ao cinema cando xa levaba un longo e sólido percorrido, cando xa era algo máis que as imaxes fotográficas que, suxeridoras, pararon o transcorrer do tempo fixando o acontecer humano no seu instante de eternidade.

Para a miña xeración o cinema foi capaz de ser alimento, vehículo de ideas, instrumento de ideas para construír unha obra persoal apoiándose no que xa era obra de arte que camiñaba e camiña no gume da realidade obxectiva e da realidade subxectiva: permitídemme que lle renda o meu persoal tributo a Pasolini.

Este novo medio de expresión ten relacións de vello coa literatura.

Para a xeración dos novos creadores, que agardo tamén siga a ser a miña - como Antón Avilés, que me dicía que el sempre era da xeración que se estaba a

formar no momento-, para os novos, digo, hai unha nova percepción do cinema e dos medios audiovisuais (nome que ás veces de tan amplo para min é indefinido, e gosto máis de que cada arte teña o seu nome propio).

Filósofos e os escritores reflexionan sobre as novas formas de creación que nascen e sobre outras que deixan o discurso non actual e que hai que por ao día: dalgún xeito esta é a nosa intención nestas xornadas, falar de vellos e novos instrumentos de creación.

Este é un simposio para os creadores máis novos e, desde logo, non só na idade é polo que nos aproximamos a outros formatos do visual: os medios e linguaxes diferentes do cinema convencional, que é co que traballarán no futuro os nosos novos creadores e cos que xa traballan tamén os que son novos por ser anovadores.

Para a Asociación de Escritores en Lingua Galega, é un pracer celebrar este encontro arredor dun libro do escritor Jean Philippe Toussaint, con quen onte inauguramos o ciclo Escritores en Compostela, que é un lugar de encontro fraterno.

Editado por Galaxia e coa colaboración da Concellería de Cultura do Concello de Santiago de Compostela, constitúese como os necesarios pés da mesa na que transcorre a viaxe do ser humano ao encontro de si propio. Nunha viaxe interior que é a busca existencial e que ten o tren como metáfora da vida dentro doutras vidas. Que transita a realidade múltiple e cambiante, ou a viaxe en avión como aceso aos territorios do intemporal ou dun tempo que so é biografía das sensacións, territorio sen lugar.

Coa súa obra, Tousaint móvese nos territorios dos primeiros planos da biografía da luz e dos obxectos que coa súa escrita deixan de ser inanimados, e falan coas súas cores, coas súas texturas.

Impactoume especialmente a viaxe do tren, quizais porque a infancia da miña xeración é mais da radio que da televisión, é máis do tren que do coche. Felicítoos por ser tan humanamente próximo neste tempo de globalización negadora; por ser capaz de irmandar os homes no que de acrisolar do sentir temos, sexa cal for a nosa terra, sexa cal for o noso tempo.

Humanamente próximo, poético, fai vibrar a nosa luz interior.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Amigas e amigos, autoridades das institucións do noso país:

Convocámonos hoxe para celebrar a Asociación Socio-Pedagóxica Galega como un feixe de homes e mulleres de mozos e mozas que, na flor da idade, entregaron e entregan hoxe o seu esforzo en facer realidade o pensamento de Castelao, de Alexandre Bóveda, de Vilar Ponte e de todos os que pensaron o futuro da nosa nación, todos os que entregaron a cerna da súa vida desde unha practica que considerou o ensino do noso idioma e desde o noso idioma como vehículo de comunicación da nosa normalidade como pobo; que desde o noso idioma analizou e fixo pedagogía con todo o que é a base da social e material da nosa terra.

Herdeira do seu pensar e facer a AS-PG foi sempre un elemento activo con vontade dinamizadora do noso idioma e sempre desde o noso idioma, deixando en evidencia actitudes folclorizantes ou fosilizantes que no fondo son negadoras dun idioma, que é un activo da necesaria transformación cultural, social e económica de noso.

A ASPG Foi e é referente na dialéctica do idioma coa sociedade, ademais de ter unha vontade insubornábel de darlle ao noso tecido social educativo os instrumentos da lingua e a cultura para que a nosa sociedade o siga a crear e a o transmitir.

Son os Bos e Xenerosos sobre cuxos alicerces esta fundada a nación dos galegos.

A AS-PG é escola de mestres (permitídemme que neles visualice a todo o profesorado) que aprenderon a nenos a se recoñecer nos arboredos, a nomear en galego o propio e próximo que nos era tan distante, e aprender a nos recoñecer no alleo polo que ten de propio, de merecedor de ser integrado no noso patrimonio cultural.

Escola de Mestres a lle aprender a soñar en galego aos nosos rapaces e rapazas.

Tendo nas mans os nomes do idioma propio que nomean a propia realidade, que a modelan como arxila. Aprender a sentir no propio idioma. A sentir que a patria está no arrecendo da flor do limoeiro e na palabra que nomea a flor do limoeiro.

Para ser escola de saber traballar polo propio país, saber desde cedo nomear a rula e o paporroibo e o martiño peixeiro e a vacaloura.

A ASPG foi e é escola de mestres para lle pór nas mans instrumentos cos que tecer a realidade sen esquecemento, aprendendo a debuxar no caderno riscado o desdebuxado perfil do que eramos para afirmar o que somos e queremos ser. Para tecer de novo un tempo que nos conte o día a día, un tempo novo que coa súa man salferiu semente cálida e entrañada. Escribir de novo no mar e na terra con palabras de vento a historia de noso no propio idioma e facer do idioma a casa o fogar do tempo futuro.

E así posuír a liberdade do que soña e fai o soñado realidade.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Compostela, 12 de abril de 2008

Amigas e amigos.

Co noso recoñecemento ao Concello de Compostela e ao Consello da Cultura, temos con nós a Nancy Morejón poeta e ensaísta.

Ten publicado desde o ano 1962, co libro *Mutismos*, máis de once libros de poemas e catro libros de ensaio, entre o que está *Nación e mestizaxe en Nicolás Guillén*.

A súa palabra está chea de contención e de intensidade no seu apreixar o cotián até facelo palabra marabillada.

A poeta Nancy Morejón ás veces busca a comunicación tecendo o pano co que é de seu e habita o seu interior, con aquilo que é colectivo e forma parte do seu contorno.

Na súa obra ás veces a natureza é un ser animado. E nela sempre agroma un profundo amor a todo o que de humano nos constitúe e a todo o que nos rodea.

A poeta Nancy Morejón busca no poema a esencia desnudada, ao tempo que bebe da tradición popular e bebe na dor e na ledicia do seu pobo.

A súa palabra está chea de música interior.

Dáanos sempre o que é íntimo e revelador da verdade que nos constitúe.

Na súa poesía tamén está unha parte do pobo cubano, das mulleres de Cuba a través dun eu épico, en palabras súas.

Dialoga tamén nos seus poemarios co seu contorno en tempo real contemporáneo da poeta para concretar o seu humano labor na creación poética, sendo testemuña do devir social, onde os homes e as mulleres son protagonistas da historia.

A nosa poeta, na súa busca existencial, vai unha e tantas veces ás raíces da identidade.

Os poemas de Nancy Morejón sempre son lugar do indíxido aínda que se interne na realidade do cotián ou en lembranzas de lugares e seres queridos como apaixonada paisaxe existencial.

Hai poemas nos que a poeta se interroga como poeta que é muller, polo rostro de tantas e tantas que a precederon nun diálogo coas súas voces inapreixábeis de todas e que a sitúan diante propio coñecemento.

Concordo con Xerardo Fullea León:

O sorriso de Nancy en consonancia cos seus ollos que propician a tenrura.

Muller, preta, caribeña e antillana por convicción, fainos participes cos seus poemas do máis auténtico e intenso da nosa identidade.

Amigas e amigos, autoridades das institucións do noso país.

Dámosvos a benvida a esta Cea das Letras a este convivio anual de celebración da escrita.

No arredor deste día, anualmente desde o Consello Directivo da Aelg reflexionamos

sobre o traballo feito e os proxectos en marcha ou os que están por chegar.

Ao ollar este ano constatamos que a nosa web, de abril do ano pasado a abril deste ano, tivo un millón de entradas do noso país e de todos os lugares do mundo, mesmo dos mais lonxincuos. Ou no que a Sección de Crítica fixo a súa primeira elección colexiada e nos representou a todos os escritores e escritoras nos Premios da Crítica Española.

Participaron directamente nas actividades da AELG ao longo do ano 2007 douscentos vinte escritores e escritoras, dos 355 asociados.

Proseguimos poñendo a disposición dos máis novos instrumentos de publicación e difusión que lles permitan abrir os seus propios camiños, para que asuman o seu lugar no sistema literario e comecen a se pensar como parte dunha literatura, tamén a ser refundada día a día, desde a súa mocidade literaria. A finais de setembro terán o seu congreso.

É día de nos reunir arredor do premio ao traballo literario e cultural da semana de teatro de Ribadavia na persoa do seu director Rubén García Fernández.

É día tamén de recibir e agasallar como escritora galega universal a escritora Nancy Morejón: a súa palabra marabillada, reveladora, que se interroga como poeta que é muller polo rostro de tantas e tantas mulleres coas súas voces inapreixábeis.

E reunímonos arredor dunha escolma de libros que é o froito e ao mesmo tempo a flor do ano 2007, por vós seleccionada.

Parafraseando a Brodsky: un é aquilo que mira ou lee cos sentidos.

Na escrita de creación, o devalar da vida que crea a historia ou o día a día máis efémero, deixa as súas pegadas, as súas tensas pulsións, que o escritor fai biografía propia; tamén as preguntas que non sempre teñen resposta, ou que son feitas para so ficar no ar.

Como a pregunta de Nancy Morejón:

*Por que son eu?
Por que son elas?
Quen é esa muller
que está en todas nós a fuxir de nós
a fuxir do seu enigma e da súa lonxincua orixe
cunha incrédula pregaría entre os labios
ou cun himno cantado
despois dunha batalla sempre renacida?*

Atopar un verso ou un libro cunha pregunta na súa entraña que nos chame desde a emoción é un instante de beleza interior inexplicábel. Podemos tocar o infinito que pousa na liña dourada do horizonte coa punta dos dedos.

Aínda que a obra de creación literaria non ten que ter necesariamente máis intención que a da súa propia consumación como obra literaria. Aínda que a forza puramente literaria da palabra é garantía de compromiso, o certo é que, convocando a Seamus Haney cando fala aos poetas da Irlanda, *"a idea do poema como unha existencia nun ámbito aparte do discurso político-social non absolve o poema nin o poeta das responsabilidades coa súa sociedade."*

As escritoras e os escritores galegos, atentos ao noso contexto social e cultural, volvemos os nosos ollos e o noso pensamento ás necesidades do tempo que nos tocar vivir e pensar día a día. E ao tempo que estamos atentos ao diario vivir da sociedade que o crea e recrea diariamente, tomamos como noso o compromiso inaprazábel co devir do noso idioma, pois nel temos emprazadas as raíces da propia identidade.

Como os produtores dos contidos do libro e doutros formatos, estamos embarcados como colectivo polos máis diversos camiños, voluntaria ou mesmo involuntariamente, no feroso labor de conseguir que sexan moitos, cada vez máis, os lectores, estamos implicados na consolidación e no acrecentamento cualitativo e cuantitativo dos falantes do noso idioma. E isto só e posíbel se a escrita é capaz de nos apreixar, de se apoderar de nós para nos levar pola tona dos seus regos sempre en sementeira ou ás súas profundidades abisais, sexa como lectores ou sexa como escritores ao buscármonos nela no que ten e existe de realidade indíxible.

Os libros acariñan a noso pel e sempre son un espello que absorbe o noso corpo e que ás veces é reticente a devolver a imaxe na que nos soñamos.

Cada tempo crea a súa relación coa literatura que enxendra e nace no seu interior. Nós, desde que temos consciencia como pobo, tivemos na nosa literatura sempre un lugar para a nosa normalidade, mesmo cando non existían os necesarios instrumentos político-sociais para crear esta necesaria normalidade social e cultural.

Facemos, pois, nosa a responsabilidade de seguir a tecer na escrita a complexidade do vivir e sentir, na súa ledicia e na súa dor, na que as palabras manteñan dentro de si a calor da substancia humana que nomean.

Somos escritores e escritoras e nomeamos o pensar e sentir tamén das cousas, amándolas nas palabras que as nomean para que non fiquen baleiras de contido, para que non fiquen convertidas en signos ocos, sen alma.

Este é o noso compromiso tamén: facermos que, sobre os alicerces do idioma, arredor da súa cerna máis vedraia, a nosa lingua viva, sempre nova. Asumimos tamén nós a responsabilidade de por ao día unha lingua que ten que estar en continuo proceso de creación, para poder explicármonos a nós mesmos esta terra neste noso tempo.

Sra. alcaldesa e Autoridades das institucións do noso país, veciños, amigas e amigos.

Vimos de toda a nación ás Terras de Melide para homenaxearmos o poeta, dramaturgo e escritor Xosé Vázquez Pintor.

A mesma terra que o viu nacer aos sentidos, que pousou nos seus ollos o pano da súa luz orballada, recibe hoxe da súa man fráxil e leve de poeta os froitos que a vida sedimentou e fixo voz viva e poesía que habita no máis profundo do ser e fai que o día a día teña rostro.

No poema o poeta nace e permanece porque é a voz desoutra voz perpetua e colectiva, dos que lle deron o idioma.

O noso poeta bebeu de sempre a realidade de ledicia e traballo ás veces dorido, das xentes de noso que coa súa sabedoría milenaria sementaron o tempo para se facer humano froito.

Da estirpe popular e ao mesmo tempo ilustrada, co saber dos ciclos da natureza, da busca do humano mesmo nas cousas que os ceos con paciencia de séculos deitaron para se facer luz. Desá estirpe ven Vázquez Pintor, e dálle a esta terra e ás súas xentes este poema, esta alfaia que tatuamos na pedra para que sexa realidade indelével.

Tatuamos na pedra o teu poema, benquerido poeta, para que as súas palabras fiquen na memoria dos homes e mulleres da ampla terra de Melide, que é corazón xeneroso e acolle todos os nomes da terra.

Terra na que vive a árbore da palabra que leva na súa cortiza a memoria colectiva que viviches na infancia, da idade e amaches e que é de noso conciencia viva do que nos é próximo.

Palabra túa na que homes e mulleres desta terra sementaron e colleitaron a palabra que di dos soños e na que vivimos a esperanza de todo o que ao ser humano lle dá a ledicia ou a dor.

Mais sobre de todo insculpimos a túa palabra na pedra para que fique memoria do hoxe nas xeracións futuras, pois é tempo no que a historia debe ser contada de vagariño e moitas veces, ao seren as novas formas da desmemoria vento veloz que todo quer borrar coa súa man senón é profunda a súa raíz.

Plantamos tamén a árbore do escritor, o buxo que é símbolo de fortaleza e de resistencia, que é símbolo da necesaria saúde do noso idioma. Para que comparta o sol e a chuva coa oliveira que é árbore de paz. As súas ponlas, que recibirán o merlo e o pardal, serán lugar do canto e son de lento e paseniño camiñar, e son de lento medrar nas súas madeiras. Sempre foi a súa cerna, na súa fermosa cor laranxa, compañeira do noso devir como pobo no traballo, cando axudaba a traballar as vimbieiras, e nos xogos de neno ou cando faciamos bailar os trompos ou peonzas; e tamén para a festa, porque nos trae nos punteiros da gaita o máis fermoso, cálido e amantiño son da nosa identidade.

A pedra e a árbore son, de agora en diante, compañeiras da túa palabra de poeta, que habita fértil e solidaria a conciencia do traballoque home e muller lle dan á terra

e ás súas criaturas coas mans núas. Homes e mulleres das terras de Melide que humanizaron chanzo a chanzo a terra até a facer veludo amantiño.

Conciencia viva de todo o que nos é próximo e necesita da xustiza da historia.

E que agardan polo que nunca volverá mais que é alento de presente e vida, coa esperanza de que volva a todos os galegos e galegas o futuro non vivido, un presente aínda por vivir.

Aquí aínda hai homes que desvisten as sobreiras
e esfolan as maus no corredor das moitas noites
que non cesan de cadrar a mentira e a espera

Aquí aínda hai mulleres que zurcen todo o río
antigo da consolación e aman a esperanza
cos andares fermosos da mañá de xaneiro

E cante o carro o canto alegre da historia nosa
na mañá de outono e inverno a canseira dos bois

Xosé Vázquez Pintor

Homenaxe "O Escritor na súa Terra"
XIV Edición
Asociación de Escritores en Lingua Galega

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Ofrecémosche, querido amigo e compañeiro, desde a Asociación de Escritores en Lingua Galega, o noso abrazo fraterno ao che entregar este “E” de escritor que a túa obra debuxou e sostén no máis alto. E hoxe, no sosego, da idade te recoñecemos publicamente, aínda que xa no día a día a túa humildade e tenrura do teu ser fixera e faga fai que creamos no máis humano do ser dos galegos.

Convocámonos aquí, no corazón da nación, que o Camiño de Santiago pousa os pés delicadamente para que nada sexa mancado.

Convocamos todos os vellos oficios da nosa estirpe que che deron o noso saber tradicional e con el o idioma que foi nacendo ao quentor humano da oralidade: Colmeneiros do Cebreiro. Teitadores de pallozas. Canteiros de Cerdedo e Melide os pedreiros de a Agolada os muiñeiros do Rosal. Os cesteiros de Mondariz. Os cereiros de Terra de Montes os ferradores de Penaporrín e os aceiteiros de Quiroga.

Posúes o noso saber ancestral que como o río bagacento vai sedimentando capa a capa o limo do idioma. Mais o que fai especialmente importante este teu saber é que o incorporas á nosa modernidade, que non fica como saber arqueoloxicamente constituído. Fas deste saber antigo parte do noso saber contemporáneo ao o incorporares á túa obra e o facer participe do máis actual no teu narrar, ao faceres partícipe das razóns a as causas do noso tempo. Velaí o importante: facer do saber máis antigo no que está depositada a nosa identidade instrumento na nosa contemporaneidade.

O tempo adormece e crea de novo a palabra que comunica e nos dá o coñecemento, o teu verso tende para nós panos de nube onde escribir, onde acariñamos a herba e a flor, o río Furelos lévanos ao lonxe ate un día se facer onda nos areais de Cangas, abrírlle as portas á chuvia, ou luz do solpor será po dourado a escrita permítenos falar con quen nos ten soñado, fainos presenza na historia do humano que se está a realizar en nós na medida que conquistamos anacos do noso futuro.

Acompañamos a túa prosa na que está tatuada a memoria do idioma

Que ule a aloumiño.

Que é compañeiro de fino balouco.

O fino pano no que a luz esmora.

Bate a mao nas paredes do tempo.

O tempero do idioma.

É idioma que aguanta sen desmaio o corisco da desgaleguización e nos ofrece auga fresca para a moita sede.

Palabra túa que relampa e ten memoria de noso.

Convocámonos hoxe para celebrar este Galeusca renovado en novo alento para celebrar como Asociacións de Escritores nas nosas linguas, que representan a todos os que soñan día a día coa súa escrita o futuro das nosas literaturas nacionais. A ese feixe de homes e mulleres que están a entregar o mellor do seu esforzo, do seu pensamento creador, en facer realidade literaturas que son depositarias das nosas identidades nacionais que posúen na súa entraña o presente e o futuro das nosas nacións.

Como escritores e escritoras entregamos o mais acrisolado da nosa creación desde unha práctica que considera as nosas literaturas como vehículo de comunicación da nosa normalidade como pobos. Porén, dáse o paradoxo de que a fortaleza dos nosos sistemas literarios non se corresponde sempre coa normalidade das nosas sociedades no uso do noso idioma, nin mesmo nas condicións nas que os nosos escritores teñen que crear as súas obras ou mesmo na maneira de que estas son divulgadas ou postas en valor.

Cando reivindicamos a nosa maior visibilidade social significa que queremos participar mais activamente na conformación dunha opinión pública ilustrada neste tempo de desmemoria globalizadora, e reivindicamos ser recoñecidos como os escritores e escritoras que, ao vivir a nosa contemporaneidade, somos tamén os construtores da modernidade do nosos países, e non só na literatura ou no pensamento, tamén das artes e ciencias que da escrita beben e con ela crean.

Galeusca sempre foi unha escola do honesto coñecemento mutuo das nosas realidades nacionais, de ir tecendo unha impalpábel fraternidade que, como todo o que permanece, fica tatuada no sangue verde da árbore da palabra de xeito indelébel, que desde os nosos idiomas fixo convivir os nosos sistemas literarios

Nos Galeusca, ao longo dos anos, aprendemos a valorármolos sen intermediarios, desde o mutuo coñecemento para nos recoñecer a nos propios e traballar, sabendo desde cedo coñecer a nosas mutuas realidades mediatas tan diversas. Sabéndomos que cada realidade nacional ten o seu propio ritmo histórico.

Nos Galeusca, xa ao longo de un cuarto de século, desde a nosa mocidade creamos un tecido de relacións humanas e literarias que foron sempre un elemento activo con vontade dinamizadora das nosas literaturas e sempre desde os nosos idiomas, que son un activo da nosa necesaria transformación cultural e social.

Non seríamos nada sen as nosas memorias colectivas. Polo que creo que é de xustiza lembrar todos os escritores e escritoras que posibilitaron nacease o Galeusca, que mantiveron na posguerra, coas súas relacións persoais, os lazos de relación entre os nosos pobos entre as nosas literaturas. Permitíndeme que cite a Espriu a Aresti e mais a Manuel María.

As nosas asociacións, herdeiras do seu pensar e sentir como colectivos de creadores que día a día están a refundar a nosa escrita, foron sempre e serán aínda mais nesta nova etapa que se inicia, un elemento activo con vontade dinamizadora dos nosos idiomas da literatura e dos dereitos profesionais dos nosos escritores e escritoras.

As Asociacións de escritores en lingua galega vasca e catalá foron e son referentes na dialéctica do idioma coas nosas sociedades, ademais de ter unha vontade insubornábel de dar, coa nosa escrita, instrumentos da lingua e a cultura para que as nosas xentes sigan a crear idioma e ao transmitir.

Para aqueles que así o fan, os galegos dámoslle acollida nun verso do noso himno nacional que fala dos bos e xenerosos dos que están a formar parte do pórtico da gloria, onde as figuras sedentes falan de dous en dous do futuro de noso, e sobre cuxos alicerces esta fundada a nación dos galegos.

Este Galeusca, que concretamos en novas formas legais ou xurídico-administrativas, o mesmo que aconteceu no pasado, será no futuro de xeito renovado un lugar que nos aprenderá a nos recoñecer desde a mutua valoración. E que nesta nova etapa dalgún xeito, e na medida das nosas capacidades, asumimos seguir a difundir a cultura e as figuras dos escritores dos Países Cataláns, da Galiza

e mais de Euskal Herria, para que as xentes das nosas nacións poidan aprender a valorar as nosas mutuas realidades nacionais, tan deturpadas por tópicos e clichés e saiban no futuro recoñecer os outros pobos, aprender entre todos a nos recoñecer no alio polo que ten de propio, de merecedor de ser integrado no noso patrimonio cultural. Así o faremos tendo nas mans a materia tan vulnerábel do idioma propio, que nomea a propia e as outras realidades, que modela como arxila poemas, pensamentos, personaxes. Coas nosas obras seguiremos a lles aprendermos a soñar en galego, éuscaro e catalán aos nosos pobos. Así, coas nosas escritas aprenderemos a sentir no propio idioma.

O Galeusca que hoxe comeza agardamos que nos axude a pór na man dos nosos escritores instrumentos de mellora da súa realidade, das súas condicións de escrita, sexa persoal ou colectiva, mais sobre de todo será sempre unha escola de convivio entre as nosas literaturas para lle pór nas mans eses outros instrumentos cos que tecer a realidade sen esquecemento, aprendendo a afirmar o que somos e queremos ser.

E así posuír a liberdade do que soña e fai o soñado realidade, que nomea a propia realidade, que a modelan coma onda modela a rocha.

É a nosa responsabilidade tecer un novo tempo que nos conte o día a día, que salferiu semente cálida e entrañada que escriba no mar e na terra con palabras de vento o transcorrer da propia historia, do devir de noso onde sexa o idioma a casa, o fogar do tempo que nos negaron futuro.

Poblet, 15 de xuño de 2008

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

A nosa gratitude á Concellaría de Cultura é a María Xosé Bravo e a súa equipa, coa que compartimos o entusiasmo na defensa da nosa cultura ,e concretamente da nosa literatura nacional vencellada á biografía desta cidade, que é como un anaco fundador da nosa biografía colectiva mais fértil.

Á Editorial Trifolium, que edita con esta elegante sobriedade e que é un indicador no caso do seu editor, Xan Arias, de que detrás dunha sólida estética hai unha sólida ética: editar para el é un profundo acto de ética.

Á Biblioteca de Estudos Locais que nos acolle máis unha vez á hora de divulgar a nosa literatura.

Aos escritores e escritoras e aos músicos, polo seu esforzo de estar hoxe aquí.

E a todos e todas vós, que neste día nos acompañades.

Este libro, como todas as actividades da Asociación de Escritores en Lingua Galega, é o froito dun profundo acto de liberdade creadora. Puxemos ao servizo dos escritores e escritoras da AELG un lugar de creación en liberdade.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigas e amigos:

En primeiro lugar, queremos expresar o noso recoñecemento á Dirección Xeral de Xuventude, na persoa do seu Director xeral Sr. D. Rubén Cela, polo seu apoio sostido ao longo de todo o ano aos escritores e escritoras máis novos.

A nosa gratitude tamén á Deputación da Coruña por nos acoller no Pazo de Mariñán e mais a este Museo de Belas Artes da Coruña por nos permitir celebrar hoxe este acto de presentación e mañá á tarde acoller o recital poético.

Iniciamos hoxe os que a Aelg convoca para que os escritores e escritoras máis xoves reflexionen, de xeito crítico, sobre os temas que este novo tempo e a súa realidade demandan.

Este encontro reúne escritoras e escritores que se dan a coñecer literariamente na década final do século XX e na xa case década deste comezo do século XXI. Ten como lema “Entre dous séculos”, para transcender segmentos temporais xeracionais máis concretos, que serían máis limitados e que, en todo caso, son cuestionados e serán motivo de debate.

Estas xornadas, fundamentalmente, queren ser un lugar de diálogo, de encontro, unha terra de liberdade para a reflexión, un lugar para que os propios protagonistas do feito literario e mais do devir da escrita máis nova, poñan en común puntos de concordancia e diverxencia, que os/as sitúan nun mesmo sistema literario. Queren ser, en fin, unhas Xornadas onde se reivindicque a literatura como un acto de profunda e radical liberdade creadora.

Eles son non só o futuro, eles e elas son xa o presente da literatura viva, dunha das máis vellas e cultas nacións da Europa. Elas e eles teñen a responsabilidade de vivir a súa contemporaneidade para incorporar a modernidade á súa escrita; de situar o noso sistema literario nos temas de hoxe; de situar o noso idioma no día a día; de dotar o noso idioma da necesaria xuventude que o faga seguir a ser instrumento de comunicación e de coñecemento actuais. E así poder facer avanzar a historia, poder avanzar, en diálogo crítico, os lindes da tradición máis viva e actuante. Da que non limita, senón da que é raíz, da que é humus colectivo, alicerce da casa comunal da nosa literatura nacional.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega



Amigas e amigos, autoridades das institucións municipais, académicas, e do goberno autonómico:

Quixemos hoxe nomear como unha das Boas e Xenerosas a Mariví Villaverde en representación de todas as mulleres galegas que foron o alicerce da nosa dignidade como pobo, nun tempo no que a sociedade galega foi expropiada dos seus mais elementais dereitos a existir.

Con Mariví Villaverde devólvensenos do alén mar as voces os recordos de todos aqueles e aquelas aos que lles foi negado o dereito a vivir na propia terra polo seu pensamento e o seu laborar na defensa da legalidade republicana.

Con Mariví Villaverde veñen tamén as voces dos que partiron e foron semente e froito no lonxe e deixaron sen canto a terra nosa como nos deixou dito o poeta.

Quixeramos ter hoxe tamén unhas palabras de recoñecemento para as xentes de noso, e nomeadamente para as organizacións que están a facer que a nosa memoria colectiva non esmoreza, para que siga a luz de claras pétalas a dourar a terra nosa, que se faga realidade presente, actuante, que limpe das nosas rúas os nomes dos homes escuros e o seu cortexo de ollos turbos dos que administraron o sutil veneno dos pesadelos.

Permitídemme que faga un recoñecemento público cun *Até logo* do traballo infatigábel que, desde a convicción, fixeron desde a Consellería de Cultura e Deporte e a súa Dirección Xeral de Creación e Difusión cultural na defensa e recuperación da nosa memoria histórica.

Os seus eixos de traballo: saber, lembrar e contar a nosa memoria histórica.

No saber en colaboración cos historiadores, creando grupos de investigación sobre os nomes as voces e os lugares da memoria, implicando as tres universidades.

Recordar en homenaxes na Illa de San Simón ás e aos que defenderon a liberdade e foron vítimas da represión, a todo o exilio galego, e rescatando do esquecemento as mulleres tan protagonistas do que hoxe somos.

E difundir esa memoria en inesquecíveis exposicións ou congresos ou o entrañábel barco da memoria. Dámoslles as grazas e sabemos que a partires de agora hai cousas que son irreversíbeis.

Quero que saiban hoxe aquí na compañía de Mariví Villaverde que, todos e todas e cada unha das persoas que traballaron nesta recuperación da nosa dignidade, teñen a nosa gratitude.

Desde a Asociación de Escritores en Lingua Galega queremos facer que Mariví Villaverde sexa a nosa compañeira na escrita.

Queremos nela tamén reivindicar aos escritores e escritoras como Ramón Valenzuela ou Eduardo Blanco-Amor ou Luís Seoane ou Tobío, que sufriron no seu propio corpo o doloroso exilio que nos deixou a todos mancados para sempre sen o segredo de palabras que só caen como follas no outono, mais coas que escribiron todo aquilo que para nós soñaron.



Tamén por todos os humildados que viviron na propia terra os días mais cincentos, cos ollos abertos a un presente que nos negaba como galegos.

Os que sufriron o exilio na súa propia terra.

Os que ficaron para vivir un tempo sen memoria que non era o seu, a esvarar por un amargo esquecemento.

E viviron o exilio interior que aniñou no corazón dos desposuídos da terra, dos agochados, dos fuxidos, dos paseados, dos exiliados, dos que nunca puideron volver ollar a luz que levaron nos ollos a luz da estrela vagarosa deste marzo xa final.

A biografía da nosa homenaxeada é un anaco fundador da nosa biografía colectiva que ela escribiu nun feixe de recordos persoais mais que son memoria colectiva e que con ela a nós chegan coas súas ás de ave ou chuvia que arde e bebe a luz.

Cando ela devolve os nomes ás súas personaxes no epílogo do seu libro *Tres tempos e a esperanza* está a nos devolver a todos e cada un e unha de Nós os nosos verdadeiros nomes, estanos a rescatar do Paraíso das Sombras amadas que agardan a lles seren devoltos os seus nomes e o seu rostro sobre esta terra.

Aos asasinados e desaparecidos na entraña da terra nosa. Sen eles aprendemos a ser o que somos e o que fomos e seremos, aprendemos a vivir todo o que alenta e corre e cala cara o oeste coma un sol no seu sentir.

Ás veces volve teimudo o presente co seu pesado andar invernal que semella cos seus ollos desmesuradamente abertos querer nos negar un futuro, o que aniña no corazón dos desposuídos da terra.

A el convocamos hoxe para que a luz das cores desta primavera anovada sobre Compostela florezan nas cores sepia coas que a nosa historia veste os seus días.

Con Mariví Villaverde recoñecémonos, nas pegadas do noso pasado, na escrita do seu pensamento que ficou tatuado na pel do noso tempo.

Recoñecémonos nas súas pupilas iluminadas.

Cesáreo Sánchez Iglesias,
Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Queridos pais e irmáns de Ramiro, querida Elsa, Señor Alcalde de Pontedeume.

Queremos hoxe, desde os poemas, esta casa común dos poetas, e coa palabra dos seus compañeiros e compañeiras, os seus contemporáneos que diría el, ao termos en conta un tempo sen idade, queremos facer voz e canto aos poemas de Ramiro. Facer homenaxe á súa persoa leal e fraterna, e de cálida amizade xenerosa.

Aínda que manca os pola ausencia do poeta e o amigo, queremos hoxe dicir os seus poemas, os que conteñen as súas verdades, a súa palabra, a que nomea o silencio da flor e espella, a lágrima do amencer, a que doura o poente, como sol que vai a outro mar, a outro horizonte. Queremos reivindicar a palabra creadora do poeta. A súa palabra humana na súa calidez, a palabra que nunca acaba, a que non morre, a que chega e volve e parte porque é para mais vida.

O poeta Ramiro Fonte, na súa obra, lévanos á realidade mais profunda, á outra realidade de noso na súa transparencia fóra de toda aparencia.

A súa poesía crea poesía.

A súa amizade faise hoxe tamén cálido abrazo e guíanos no que non se olla nin se escoita. No mundo sen voz das cousas fálanos de todo aquilo que só desnudados sabemos escoitar.

O poeta Ramiro Fonte, ao vivir a historia, no seu hoxe, no seu a diario, fixo e fai que a palabra siga a ser luz albar e sexa fértil sementeira e dourado grao e sexa pantrigo.

Á palabra, o poeta Ramiro Fonte faina anxo ou rosa ou home ou muller, dálle novos sentidos, fama humilde, espello sen engano, para que deixe de ser só letra e volva ser alma. O poeta rexenera para nós a palabra ou son de badalada para que non sexa signo baleiro.

O pensamento estético de Ramiro é substancia co seu pensamento ético.

Nun texto no que fala do poemario *Véspera do Día* de Xulio L.Valcárcel, deixounos un manifesto ou fe de vida nun

tempo das aprendizaxes, das educacións sentimentais, dos primeiros erros do corazón, das batallas temperás, non sabemos se ganadas ou perdidas.

Afirmaba para nós hoxe:

Aprendín cedo algo ao que non pode renunciar a poesía que a min segue a interesarme, e que podería definir como o factor humano. É esa poesía que teima enraizarse na vida dun e, por necesidade, dirixirse á vida de todos.

Alguén opinará que a ilusoria realidade da arte non pode ser un substituto da realidade da vida, ou que a poesía tamén crea as súas ficcións e os seus personaxes pero, en calquera caso, os versos que necesitamos revelan parcelas de vida ou non revelan nada.

Nós, os seus amigos e amigas, compañeiros na palabra poética, lembrámolo nos seus poemas e queremos facerlle pública homenaxe á súa persoa chea de humanidade, e ao lembralo lembrarmos tamén o seu tempo, que é o noso, e así facernos presentes para os máis novos e para os que con Ramiro andamos o camiño á busca do efémero da beleza, todos os que coa alma sorriron con tenrura, na severidade das sombras dun tempo no que decidimos non só ter un proxecto de vida ético senón que con ética a vivimos.

Mais ao lembrarmos hoxe con el, un recordo trae outros recordos consigo, outros amigos, outros escritores que viviron aquel tempo e que hoxe non nos poden acompañar. Todos os que con Ramiro están no Pórtico da Gloria desta terra, a máis humilde.

Abrazados polo seu recordo protector, celebramos este acto de homenaxe.

Viviou o seu presente, e a el retornou como memoria persoal máis incardinada na nosa memoria colectiva, Reivindicou a ética ao nos dicir coas súas palabras:

A min interésame reivindicar a ética do artesan e non a megalomanía do artista, o seu ego. Hai que reivindicar a ética do oficio que se aprende co tempo.

Isto reivindicaba Ramiro nos seus 50 anos, xa lonxe dos presupostos da adolescencia, cando nos indica que o temos enfronte, é "o espello da vida, o espello da realidade, o espello do ser humano."

Convocados polo poeta amigo que, parafraseándoo, viviu como el admiraba vivir, preso da poesía como a forma máis doada de vivir, entregándose aos outros con xenerosidade. Vivindo en poesía sen el pedir nada a cambio.

Comunicándose con ese amigo sen rostro que é o lector, pedíanos que non lle roubáramos á poesía os seus soños. En palabra súa:

O soño como principio de liberdade que fertiliza o acto poético é o principio ordenador. Non é o soño ou ensoño derramado, perdido, derrubado, senón o que se representa perante nós unicamente ferido. Ferido se cadra polo tempo, polos avatares da vida, polas realidades implacables que o contradín.

Hoxe nós e vós que nos acompañades, feridos pola súa ausencia, celebramos a presenza da súa obra e na súa obra a súa amizade.

A amizade que poñemos por testemuña desta primavera nas terras que el soñou e viviu as cerdeiras que deron a súa branca flor, da consagración da primavera que nos seus poemas é o camiño que con el andamos.

Amigas e amigos, Autoridades das institucións do noso País, Querido Agustín:

Vimos dos lugares mais distantes da nosa terra para che ofrecer esta homenaxe á túa obra fundadora, á túa biografía de bo e xeneroso. Para che ofrecer este E de escritor que as maos do labrego dos metais Silverio Rivas creou para ti.

Vimos á vila onde a alba é manancial e foi ourive do tempo para tecer a túa idade. Vimos para te celebrar e celebrar o sermos dunha terra cunha cultura que vive e dialoga co mundo en galego que en galego soña o seu futuro.

Acollémonos á sombra protectora de todos os escritores desta terra, de todas as xentes do común de noso, que no labor do día a día construíron o noso idioma con palabras de traballo, de ledicia e de dor.

Cantas vidas vividas se necesitan para enxendrar o son dunha soia palabra que nomee a luz desta terra, a que na súa profundidade doura as distancias a que nos olla desde os seus azuis deitados en verde pano.

Esas mesmas palabras dásnos na túa obra e son fervenza de outras palabras que mudan de son e de textura colorida segundo a hora do día na que receban a luz dos nosos ollos.

Palabras grávidas do silencio da luz desta terra.

A túa obra foi tecida con fíos de dourada nube outonal nas chairas e a branca luz das sementeiras do froito sachado nos areais das mariñas.

Escrebes na túa obra a nosa biografía colectiva que é a de seres humanos a soñar en galego a sermos desta terra e deste tempo.

Dásnos coas túas personaxes co teu pensamento co teu compromiso activo o futuro na man para o poder ler e soñar.

Escrebes desde o humano para que sexamos home ou muller ou rapaza adolescente que habite os seres do real soñado na túa obra. Cando ti

escrebes estás a nos dar unha visión do mundo construída desde nós propios
que o quere transformar
para que sexa un mundo xusto e solidario.

Fas o milagre : ensínasnos a soñar a crear outros mundos outras vidas
humanas nas que recoñecermonos.

Como non ter esperanza no futuro do noso idioma e do noso pobo ao ler a túa obra,
se nela habita a raíña da luz de xuño cos seus ollos a arder de tanto espreitar o
vento
da chaira que habita nos seus eidos de veludo.

Estamos aquí contigo abenzoados polas xentes de ben que foron
escribindo
no caderno escolar do teu maxín, cores, cancións, números que contan e
cantan
o paso do tempo.

Daqueles que foron pondo nos teus días un pequeno mundo de sinais ou
pedriñas brancas para non te perder, para te guiar no teu viver unha
terra que se nega
a non ser, unha terra que é mancada hoxe no centro de gravidade do seu ser:
o noso idioma.

Agriden o noso idioma e nós defendémolo coa túa obra.

Celebrar a túa obra é celebrar un canto ao futuro, é dar as grazas ao manancial dos
soños que viven nos teus libros e que foron bebidos coma auga fresca
amantiña nutricia
polos nosos rapaces e rapazas

Hoxe habitan e son cántico no maxín dos nosos adolescentes e todos eles que
son
o futuro desta terra.

A túa obra é o froito dunha terra cunha cultura que dialoga e vive mesmo que
xa é soñada noutros idiomas do mundo que é tenrura tanta a tenrura
no amor sen soidade nos soños na vida secreta das imaxes.

Enches de tenrura e dignidade aquilo que toca a túa escrita aquilo no que pousas
os teus pensamentos que baixan a peteirar nas mans da tarde e coma merlo
óllannos

co seus ollos e o seu peteiro amarelo e son escrita e son letra a nos
conmover
a nos coñecer a nós propios mesmo en idades que xa partiron e fican en nós a
revoar ingaves.

A biografía das túas personaxes é biografía colectiva : a biografía dun tempo en
espiral que nunca acaba.

Cos teus textos somos aqueles rapaces e rapazas como cando nos soñamos e
a terra aínda non era redonda. Constrúes a escada que é comunicación entre
as idades
e cada tempo do ser humano explica outro tempo que quizais existiu.

As personaxes da túa obra sosteñen voces que piden a paz voces que
defenden a cerdeira e o paspallás a biodiversidade cultural a solidariedade
o amor o igualitarismo.

A biografía das personaxes da túa obra: da muller do home do adolescente
explícanse cóntanse desde a biografía do noso pobo explícanos como
pobo
que lle está a dar á humanidade unha obra en convivencia con ela en
diálogo .

Na explicación do mundo a ética convive e habita a beleza a descubrir o mundo
para que os ameneiros sintan e veñan á luz e veña a historia e a memoria sexa
a cinza que tingué o corpo do noso presente.

Cada rapaz ou rapaza soñase no seu propio tempo vive con outros
comparte
a complexidade dos seus sentimentos a súa visión do mundo aprende a
beber
os soños como se bebe a auga na clara fonte

Querido Agustín a túa obra é unha homenaxe ao noso idioma o que é
fillo
de séculos e séculos de acrisolar anacos de palabras incandescentes ou po de
estrelas ou anacos de efémeras verdades cantadas polas tecedeiras
do liño polas sachadoras do millo construídas no día a día no
aprender a ler na liña da vida das maos dos regatos nos eidos cotiáns: quen
somos no aprender a interpretar os sons na escuridade da noite
nos bosques que douran coma moedas de bronce nos outonos

Neste día feliz ancorado nestes días de serena e firme alerta activa

ante a hostilidade ao noso idioma que é mancado para que só voe coma
ave tolleita a túa obra é un canto ao seu futuro e ao futuro do noso pobo o que
construíu o idioma
o que deu forma a este anaco da humanidade que somos os galegos

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Querido Agustín, Autoridades das institucións do noso País.

Neste lugar onde a chaira se fai parque, lugar para o sosego, perto da casa onde naciches aos sentidos cós que construíches a túa fértil biografía, perto do lugar ao que naciches ao mundo e aprendiches a nomear todo o que é canción ou flor.

Estamos perto das escolas que son o símbolo do saber, do ensino do saber, de nos facermos cos instrumentos de comprensión do cosmos de a diario.

Perto dun centro de ensino que é o que máis pode simbolizar o lugar onde sementaches o teu saber, chantamos esta pedra do escritor e esta árbore.

Este anaco de Vilalba que é referente da túa biografía como ensinante, que axudou a pór os alicerces de renovación pedagóxica na nosa nación, que axudou a desenvolver as capacidades creativas dos nosos rapaces e rapazas para que a súa formación en galego fose filla da liberdade creadora e do rigor pedagóxico, algo tan pouco valorado nestes momentos tan críticos para o noso idioma.

Sementaches nas súas vidas tan novas, novas capacidades, para que a lectura fose un acto compartido de creación e ao mesmo tempo de desenvolvemento de algo que nos define como seres humanos: a nosa lingua.

A nosa lingua como a construción milenaria dun pobo que quere existir como tal, que nos fará seres humanos dun tempo e dunha terra desde a que ollarmos o mundo, desde a que interpretarmos os ciclos vitais da nube ou do martiño peixeiro a se espellar na prata dos regatos e a súa equipaxe de soños.

Neste lugar que queremos sexa cálido e inesquecível para a túa biografía mais íntima, sementamos a árbore do escritor, esta árbore que será das palabras que abran as portas con maxia, con fantasía, onde o paxariño gaio anuncie a nova estación e a rula faga cantares de amor e as follas sexan de verde vestidas e o vento da chaira asubíe as súas breves melodías.

Neste anaco de chaira chantamos a pedra, para que a súa escrita mineral, a súa firme e tenra caligrafía medre e chante a súa raíz no tempo das paisaxes da túa memoria e beba do humus das raíces que son lenda popular, que en Vilalba son luz de albor.

Acollémonos hoxe neste lugar onde o claror dos días de verán da túa infancia pendurará na pedra tallada os seus minúsculos espellos. Na pedra onde insculpimos hoxe a memoria dos contos que palabras antigas para ti crearon xeracións e xeracións.

Viñemos a Vilalba para que todo siga aquí, nas paisaxes gardadas na túa memoria.

En nome da delegación galega de escritores e escritoras felicitámonos hoxe por estar aquí de novo en Arantzazu, por estarmos en Euskalerría.

Como nos vinte e cinco Galeuscas anteriores, vimos a estas xornadas de traballo compartir aquilo que nos é común, neste acto central de visualización dos froitos da nosa relación a través da agora Federación Galeusca; nestas xornadas que permitiron coñecerse a unha ou mesmo a dúas xeracións de escritores e escritoras, e non só nas respectivas literaturas, senón, e tamén, como persoas con capacidade crítica que na comunicación e no coñecemento desbotaron mutuamente tópicos. E foi medrando entre os creadores que integran os tres sistemas literarios unha relación de respecto e comprensión das nosas diversidades nacionais.

Nesta forma de relación estábel e organizada, a única e máis longa na historia das nosas nacións, coñecémonos e recoñecémonos. Non podía ser doutro xeito sendo tres nacións diferentes con diferentes ritmos históricos na construción das nosas normalidades idiomáticas, sociais ou institucionais. Grazas a isto fomos capaces e temos que ser capaces de seguir a reforzar as nosas relacións, a dos nosos sistemas literarios nacionais, coa incorporación das novas xeracións para, neste século XXI, acrecentar os froitos acumulados de xa vinte e cinco anos de Galeuscas celebrados.

Neste novo encontro, iniciamos un proceso de pór ao día as nosas formas de colaboración sen dar pasos atrás na fortaleza das mesmas, pois o Manifesto de Poblet segue a estar vixente, e estou convencido de que estas xornadas serán frutíferas: é a nosa responsabilidade diante das novas xeracións a través do diálogo e do confronto de propostas, seguirmos a partillar este camiño común que é a Federación Galeusca para seguir a construír a historia. Foi e é necesario, para contrarrestar a anovada agresividade recentralizadora que está a imporse no estado español para nos negar que somos tres nacións con idiomas propios.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Só brevemente darvos a benvinda a este IV Encontro de escritores ou de novos escritores e escritoras que desde a AELG queremos que sexa unha das nosas actividades centrais de todo o noso curso ou ciclo anual de traballos.

Como pequeno apuntamento, para entendermos esta certa frialdade militar do edificio: estades no Castelo da Illa de Santa Cruz, da parroquia de Liáns, que é castelo xemelgo do que ternos na outra banda da baía, o Castelo de Santo Antón., e que foi prisión militar e que acolleu os defensores do darwinismo na Galiza hai mais de cento vinte anos.

Este Castelo foi construído sobre esta illa ou rocha polo capitán xeneral Diego das Mariñas no 1594 porque Drake viña a este lugar, lonxe do alcance dos canóns da Coruña, e podía bombardear a Coruña e logo retirarse aquí. De feito no ano 1589, mandada por Drake, a armada inglesa desembarcou en Oza preto de aquí, desde onde iniciou o asalto á Coruña.

No 1640 rematáronse as defensas do Castelo, que foi dotado con pezas de artillería importantes para a súa época de alcance de dez quilómetros: a distancia á Coruña en liña recta é de catro quilómetros

Perdido o seu valor estratéxico, foi adquirido polo Xeneral Cavalcanti, casado cunha filla de Dona Emilia Pardo Bazán, que ergueu un corpo central de pazo para vivenda, que é onde estamos agora, e despois, ao non ter herdeiros, foi cedido á arma de cabalería do exército español no ano 38 (en pleno golpe franquista contra da República) para colexio de verán dos fillos orfos de militares, e posterior mente expropiado ao exército polo concello de Oleiros previo levantamento popular para que fose devolto ao pobo. Como así foi, tamén, a Torre de Santa Cruz, que agora é unha fermosa biblioteca e xardín a un cento de metros de onde estamos.

Diciávos que unha das nosas actividades fulcrais como asociación é dotar os novos escritores e escritoras de espazos e instrumentos novos de debate que partan dende o propio colectivo, pois corno gusto de dicir, cada tempo xeracional, cada realidade concreta, xera un debate propio

Só vos quería achegar nesta apertura o pensamento do determinante que é para a saúde de todo sistema literario que os seus escritores máis novos busquen o seu lugar e debatan o seu papel na dialéctica de cada tempo histórico co grupo xeracional ao que pertencen e establecendo a dialéctica tamén, se así o precisaren cos grupos xeracionais anteriores.

Agardamos é o formato que buscarnos sexa axeitado, que cada ano irá mudando segundo vexamos que axuda a achega ao necesario debate previo.

E agardo que tamén sexa acaído o terna elixido polo coordinadores e coordinadoras.

A gratitude do Consello Directivo a todos eles e mais á organización técnica, a Ana, e mais a Alfredo Ferreiro e Tati Mancebo como dinamizadores da parte máis virtual que nos camiños do pensamento é ben real e que hoxe visibilizamos e partillamos.

Boas tardes amigos e amigas:

Felicitámonos por esta colaboración co Consorcio das Mariñas, que agardamos permanecerá no tempo, pois queremos como colectivo de creadores e creadoras da palabra ser parte da vida da sociedade á que pertencemos.

Hoxe queremos, coa palabra creadora de Yolanda Castaño, de Estíbaliz Espinosa e mais coa de Emma Couceiro, e coa palabra e a musica de Xoán Curiel, que nomean o que de máis fermoso e verdadeiro constitúe ao ser humano. Aquelas que buscan que os xéneros de home e muller sexan fundados nun só ser humano, que no igual e no diferente sexan todos os rostros posíbeis da beleza a palabra creadora, que é palabra de convivio, palabra de tenrura, palabra de amizade, palabra de amor, palabra de desexo, palabra de mutua comprensión, palabra de respecto ao pensamento que concorda e ao que discrepa.

Con esta palabra creadora queremos ser hoxe, parte do berro de toda a sociedade contra da violencia de xénero, contra da violencia machista, esa forma desprezábel de exercicio do poder físico ou psíquico violentamente contra o humano, contra todo o que nos define como seres capaces de construír o máis alto da creación humana e ao mesmo tempo capaces de mostrar a faceta mais groseira da violencia animalizada e regresiva.

Hoxe erguemos a voz singularmente, como día que chama a atención sobre un grandísimo problema, mais temos que estar vixilantes todo o ano para denunciar calquera situación que conteña discriminación de xénero, para que nada no noso contorno poida aniñar situacións futuras de violencia.

Para isto o primeiro que podemos resolver é a desaprendizaxe das nosas linguaxes herdadas e que ás veces, envoltas en linguaxes de normalidade, esconden discriminación.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigas e amigos, autoridades das institucións do noso país, do goberno, do parlamento da universidade das alcaldías e concellerías; editores que editaron aos premiados e escritoras e escritores que nos acompañan hoxe en calidade de gañadores e gañadoras do Premio de Novela Longa Blanco Amor.

Benvidos á VII celebración d' *Os bos e xenerosos* que iniciamos coa voz cálida que vén da raíz máis fonda do ser, a voz de Xabier Díaz que nos leva ao máis lonxincuo da nosa identidade, que nos leva á cerna da tradición da música, que é tanto como dicir a máis culta e máis actual.

Estamos a celebrar hoxe n' *Os bos e xenerosos* a aqueles que no silencio máis cheo de vida de toda a terra nosa foron sementando, paseniño e con mao firme e sen sosego, o que hoxe somos e aquilo que soñamos ser como pobo.

Estamos a celebrar a aqueles que ano a ano constrúen, aos que sedimentan en innumerábeis capas de humana xeoloxía, o amor á **nosa terra**; son os que canta o verso do noso himno, facendo que a personalidade da nosa nación sexa ese humus colectivo no que nace con profunda raíz o ser de cada un de nós e da identidade da nosa sociedade, a de hoxe e a de onte, a que xa é futuro.

Con este premio, desde a Asociación de Escritores en Lingua Galega queremos honrar os concellos que ano a ano asumiron a responsabilidade de organizaren o Premio Blanco Amor e fortaleceron de xeito inequívoco o sistema literario galego, sendo hoxe un premio no cume do seu prestixio, promocionando os nosos escritores e escritoras e mais a nosa escrita de xeito fundamental.

Corenta concellos asumían, co de Redondela á súa fronte, a necesidade de homenaxear ao Escritor Eduardo Blanco Amor que, chegado da Arxentina, con sesenta anos, fora quen de nos dar unha obra que rescatou a narración do mundo rural para contala desde a sociedade galega urbana en clave literaria. Como dixo naquel intre Gustavo Luca de Tena : *Blanco Amor representou como actor en solitario todos os papeis que correspondería a toda unha xeración de novelistas*

Pasaron décadas desde que o tres de decembro do 1981, desde La Voz de Galicia, Luís Álvarez Pousa dicía: **O Domingo iremos a Redondela**. E engadía: *Se é de xustiza roubar o silencio que tanto acusou en vida o escritor ourensán para estourar así o seu nome en sempiterna liberdade, tamén o é loubar a actitude solidaria de cantos concellais e alcaldes galegos acolleron a idea e prometeron non perdela nos anos vindeiros*.

Aquí estamos hoxe, case que tres décadas despois. Este é o motivo para hoxe estarmos aquí. Esta é a clave para entendermos que o premio chegase a nós despois de tantos anos: estíbese a premiar unha grande figura das nosas letras e, ao mesmo tempo, estabamos a reivindicármonos a nós como pobo a través da súa literatura. Só o que é concibido coma un

proxecto colectivo sobrevive ao tempo. Pois, como ben sabedes, nos andeis das bibliotecas hai moitos loubábeis proxectos persoais que ficaron no número cero da súa andaina.

Quixemos celebrar os concellos do noso país, porque son como os pequenos alvéolos do noso sistema respiratorio ou os pequenos capilares do noso sistema sanguíneo que levan o alimento da vida até as partes máis lonxincuas do corpo colectivo de noso.

Os nosos concellos, vós, sodes os que alimentades e termades das necesidades máis próximas e inminentes, máis de diario, ou daquelas máis a longo prazo e máis sociais ou culturais que son como as unidades divididas noutras unidades máis pequenas, amantiñas.

Cando camiño a xeografía da nosa nación, na sinalética dos nosos concellos ollo reflectida a complexidade da nosa terra humanizada, que é como a complexidade da nosa cultura onde aniña a lenda e canta o ouriolo.

Todos somos dun bairro, dun lugar, dun casal, dunha aldea, dunha parroquia, todos somos ou nacemos aos sentidos nun currecho do noso territorio e cando un aproxima os ollos ao máis próximo velaí estades vós, como gardiáns dos regatos e dos eidos, dos nomes dos lugares que son os que inzan os nosos soños de rapaces ou as nosas realidades de presente.

Os nosos topónimos son o idioma que nomea a terra material. Os topónimos, ese ADN do noso idioma, ou os microtopónimos do eido, da ruela urbana ou do regato, sementan e achegan o noso idioma, na proximidade, aos nosos veciños e veciñas, á xente de noso, nas súas necesidades de nomearse como nomearon os devanceiros tamén no día a día. Coidar dos nosos topónimos e microtopónimos é un grande labor tamén dos nosos concellos.

Vimos hoxe a Compostela a honrar a Blanco Amor e tamén aos nosos concellos, que terman con mao firme do noso idioma e da nosa literatura.

Somos afortunados por tervos aí e afortunados somos os galegos porque existimos como sociedade grazas a que escritores como Blanco Amor encontraron a expresión do que somos, a nosa voz, a cor das nosas emocións, o son dos nosos latexos, a forma da nosa Leducia e da nosa dor. A luz do albor na que soñarmonos

Entregamos esta peza escultórica en depósito ao Concello de Poio, en calidade de concello organizador do Premio Blanco Amor neste ano, que irá de mao en mao recollendo a pegada do nome dos concellos que o organicen no futuro.

Longa vida ao Premio Blanco Amor.

Cesáreo Sánchez, Presidente da AELG

Amigas e amigos, Autoridades das Institucións do noso país.

Celebramos hoxe un ano de escrita da palabra, celebramos a palabra nos seus máis diversos e íntimos estremecementos, a que baixa a beber coma raíz da árbore na entraña da terra nutricia, nosa, onde habita o humano na súa ledicia e na súa dor.

Os libros por vós creados, das palabras habitados, acabadas de nacer e núas, reciben hoxe o premio do recoñecemento dos propios compañeiros e compañeiras.

É un tempo novo e cheo de incertezas pois o destino noso, da nosa escrita, está indisolubelmente vencellado ao destino do noso idioma. De certo, os escritores e escritoras galegos estaremos á altura que o noso país nos demande, para iso foi creada hai trinta anos a AELG como algo máis que unha asociación gremial de escritores.

Afortunadamente estamos a recibir a grata resposta de novos escritores e escritoras que, pouco a pouco e de xeito continuado, se están a dar de alta e fan aproximármonos xa aos catrocentos asociados.

Este novo tempo enmarcase, a pesares dunha nova e dura para nós realidade económica, na recollida dos froitos sementados ao longo destes anos nos que se investiu en proxectos estruturais que permanecerán, como unha web que segue a recibir máis de tres mil entradas diarias, un Centro de Documentación coa incorporación dunha hemeroteca, e unha sección da historia da AELG como parte da historia do noso país. Un espazo didáctico que segue a medrar nas unidades didácticas sobre a vosa obra e, de nova creación, a sección o Territorio do escritor co inventario das casas dos escritores e os roteiros literarios baseados na obra biobibliográfica dos nosos escritores e escritoras.

É un tempo novo tamén para os escritores e as catro asociacións dos catro idiomas do estado. Estamos a traballar en problemas que nos son comúns. Tivemos xa reunións para consensuar as nosas relacións contractuais coas industrias culturais e proximamente buscaremos reflexionar conxuntamente sobre os novos soportes de edición da creación literaria.

Entramos a formar parte da Federación Europea de Asociacións de escritores con outros países coma Bielorrusia, ou Finlandia. E neste ano presidimos a Federación Galeusca que está a formular diante da administración do estado a necesaria promoción de todas as literaturas nas linguas dun estado plurilingüe coma o español.

Se algo somos é fundamentalmente futuro. Mais hoxe é un día, fundamentalmente, de celebración dos trinta anos nos que hai que a nosa asociación naceu, como nacían outros colectivos sociais sindicais e culturais.

Eran os derradeiros anos da década dos setenta e comezo dos oitenta, todo fervía en inqueda política cultural e social, estabamos a saír da longa noite de pedra do franquismo que dicía Celso Emilio, en plena transición, que non foi o paraíso político que ás veces se dá a entender, senón un tempo duro para nós cheo de represión, e lembro que aínda no ano 1984, no Manifesto de Poblet, os escritores galegos vascos e cataláns mostrabamos a preocupación pola defensa efectiva dos dereitos humanos no estado español.



Era 1980 cando nos organizabamos en distintas plataformas para vertebrar a actividade cultural e social, nunha Galiza que estaba a reivindicar o seu lugar entre os pobos. Era un tempo no que a busca da normalización do noso idioma era formulada como unha reivindicación de clase. Unha Galiza que estaba a demandar respecto á súa cultura, e que quería deixar de ser unha colonia interior do estado, que se desangraba en dolorosa emigración.

Volvíamos ter uns mínimos instrumentos legais para construímos organizacións sociais e os escritores, coma sempre, tomabamos parte na transformación da realidade das máis diversas formas, no interior do noso país ou na emigración. Aproximabámonos de novo ao ideario que ficara truncado co golpe militar do ano 36 contra a legalidade republicana. Compartimos o novo tempo con algún dos escritores que ficaran na Galiza. Compartiamos o noso camiñar cos nosos irmáns maiores: con Bernardino no seu mar de Cangas, con Uxío Novoneyra a pasear vagarosamente as rúas de Lugo, con Manuel María a nos recibir na súa librería de Monforte. Antón Avilés estaba a nos soñar desde o Val do Cauca. Todos na máis fraterna andaina iniciabamos o noso camiño sobre esta terra. Reivindicabámonos.

Os nosos pais políticos e culturais foran asasinados no 1936 ou vivían os seus exilios na outra banda do océano.

De Bos Aires chegábanos o *Sempre en Galiza* nunha edición de peto, impresa na rúa Ribadavia na edición do ano 1974. Hoxe mostrámoslle a nosa gratitude a un dos fillos daquela terra de acollida: Juan Gelman e facémolo irmán noso, escritor galego universal, como universais son os nosos escritores máis senlleiros.

Chegaban a nós os debuxos de Castelao no *Galicia Mártir* cunha encomenda que a min, e creo que moitos da nosa xeración, marcou coma un mandato de vida. Decía:

*Dirixidas a vós que sempre amachedes a liberdade
e sodes a única reserva que nos queda para reconstruír
o fogar desfeito.*

Así foi creada esta asociación, pedra a pedra, até erguer a casa, o fogar, a casa dos labregos que sementan e seituran a palabra, a casa dos mariñeiros que buscan o peixe prateado no soñar, a casa dos ferreiros que martelan no ferro ate lle arrincar faíscas de dor ou douradas lágrimas.

Somos hoxe esta AELG despois de trinta anos porque foi creada como un proxecto comunal por moitos dos que hoxe nos acompañades nesta cea e outros que xa non podemos abrazar. E foise convertendo de vagariño nesta realidade colectiva e de futuro que é hoxe. Para poder defender unhas mínimas condicións de respecto ao noso traballo creador. Coa nosa escrita construímos espazos de normalidade cultural e para a nosa lingua, nunha terra que aínda non vive tal normalidade, pois moitas daquelas reivindicacións seguen aínda a ser a razón de ser da nosa asociación. Mais hai unha fundamental, que ten o carácter de fundacional: O noso idioma, a defensa do noso idioma, o dereito a vivirmos en galego, a soñar nel o noso futuro, como parte da humanidade que construíu a súa diversidade nos idiomas máis fermosos, e que neles teceu o territorio dos soños e da súa dignidade.

Bernardino o noso Presidente Fundador dicíanos nun texto seu:



Tocoume a min como lle puido tocar a Uxío Novoneyra ou a Avilés de Taramancos lles podería ter tocado.

Por isto, creo eu que é afortunado o pobo que, cada vez que precise dun dos seus fillos ou fillas, e este **está alí** para asumir as responsabilidades que a súa cultura, que os escritores do seu país lle requiren.

A nosa asociación nacía como parte do corpo social que naqueles días estaba a se organizar, mesmo antes de que existise o Parlamento Galego, mesmo antes de que existir goberno autonómico.

Os escritores galegos, máis de douscentos, os días 3, 4 e 5 de maio de 1980, reunímonos no Mosteiro de Poio para sementar unha nova galla da árbore milenaria da nosa cultura que é hoxe esta árbore que medrou e que da vizosos froitos.

Antón Avilés, a quen lle foi dedicado o Día das Letras do ano 2003, dicía:

O escritor pode ser a conciencia dun pobo que disfrute a plenitude das súas facultades. Mas cando ese pobo é sometido secularmente, cando anda atoutiñando para saír da escuridade é, ademais da conciencia, unha ascua de luz que se acende no rescaldo ancestral onde as sinais propias están limpas e se poden facer brillar diante dos ollos da memoria.

E chegaba Uxío, a quen lle son dedicadas felizmente as letras galegas deste ano 2010, e que nos enche a todos de ledicia, e deixaba feita unha pregunta que cada tempo repetimos unha e outra vez:

Galicia Será a miña xeración quen te salve?

Ou o mellor canto de esperanza que pode herdar un pobo:

Non, a forza do noso amor non pode ser inútil.

Mais el deixou dito para os máis novos no ano 1995:

Todos os homes son responsables da súa lingua e de que permaneza no espacio xeográfico no que se formou e durou ate confundirse LÍNGUA, POBO e TERRA, Língua e Patria.

A responsabilidade aumenta coa situación de peligro, coa evidencia de peligro que e maior e constante cando se trata dunha Lingua sen estado, como agora se dice, dunha Língua sen estado como a nosa.

Cada un deu respostas ao seu momento histórico e fixo que esta Asociación viva hoxe, fundada nos alicerces da máis fonda palabra nutricia mineral.

Naceu e vive AELG para axudar a vertebrar un dos sectores sociais máis determinantes na nosa historia nacional, porque a literatura e os escritores e escritoras que a crean son os depositarios da matria, os que levan ás súas costas a memoria través do horizonte sempre inacabado, sempre a comezar onde Rosalía puxo a estrela que Curros ollou na súa fronte.

Somos un pobo antigo, somos unha das máis vellas culturas da Europa, que viaxando a Compostela coma un río e o seu caudal de sombras, axudamos a construír.

Mais como literatura estamos a nacer día a día, na medida que somos capaces de facer que todos os ideais, que todo o sentir que vive nos recantos da alma colectiva e que foron soñados ao longo dos séculos, con fermosa teimosía, alenten na nosa literatura, e que hoxe seguen a ser permeabilizados pola nosa consciencia colectiva e pola doutros pobos que queren construír no seu futuro o futuro dun anaco da humanidade.

Como escritores podemos coas nosas palabras restaurar á cultura o sangue, a seiva que vén da memoria do seu idioma e é capaz de a facer presente, de que de novo volva a agromar, a ser sentida. Necesitamos as palabras de poetas coma Juan Gelman porque

*O fracaso do corazón cai na tarde como
un paxaro esquivado do voo.*

Ou porque

*A este oficio obríganme as dores alleas
as bágoas
os panos saudadores
as promesas no medio do outono
ou do fogo
os beixos do encontro, os beixos do adeus
Todo me obriga a traballar coas palabras, co sangue.*

Con este noso oficio, ás veces, somos capaces de arrincar ao tempo o que ten de tránsito, de efémero: o escritor é capaz de ler o manuscrito da historia da memoria persoal ou colectiva, que día a día é escrito nos areais do tempo, e día a día son borrados polo vento do propio tempo.

Capaces, aínda hoxe, de erguer a nosa voz na reivindicación da palabra que nos foi entregada de man en man e que chega a nós como ave atravesando os séculos porque os seus soños de vida aínda non foron cumpridos.

É por iso que enchemos e encheremos a Praza do Obradoiro, con insubornábel teimosía, como un mar de luz chegado dos catro puntos cardinais da nosa terra e da nosa consciencia colectiva en defensa do noso idioma.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Amigas e amigos, autoridades das institucións do noso país, querido e admirado poeta.

Estamos neste antigo edificio desta antiga Universidade para honrar un dos grandes poetas cos que a literatura celebra o ser humano como depositario dos valores fundadores do ser. Estamos nesta Universidade para facermos o poeta Juan Gelman Escritor Galego Universal.

Porque nel nos recoñecemos, porque na dimensión ética e na altísima calidade da súa poesía habita un humanismo creador, pleno de esperanzada tenrura.

Porque a súa busca ética das verdades, ao habitar territorios de dor e achar neles a luz mais seminal, faino referente na consciencia do valores que constitúen o ser humano.

Ningún que lea os seus poemas pode escapar á propia consciencia, ao necesario enfrontamento, ás obrigas morais, éticas, que todos ser humano ten polo feito de selo.

A súa poesía énos necesaria como pan de a diario, estremécenos serenamente o seu gritar calado que busca a luz nas terra da liberdade. Lévanos da mao desde os países da sombra onde habitou seguindo o vagalume da súa palabra poética até os países do albor onde a luz tece e destece as súas roupas, a súa nudez.

É para min difícil distanciarme dos poemas de Juan Gelman, da súa obra, para lles falar dela e do poeta que os escribeu e que me permitiu acollerme ao seu lume protector, facer niño no fogar da súa poesía sen nos queimar coa forza do seu fulgor.

Levo anos e anos bebendo das augas transparentes da súa palabra translucida, da súa poesía. Anos de a sentir, de soñala para me soñar, ate facela carne do meu corpo, pensamento do meu pensar, até facela enxendrar en min a poesía que o meu humilde corpo e o seu entendemento conmovido é capaz de enxendrar en min: a capacidade de ollar o mundo poeticamente, de ficar ao seu ser abrazado.

Se me permite camiñaría sobre as augas da súa poesía, diría cos seus poemas amados:

Acostumeime a beber a noite lentamente, porque sei que a habitas, non importa onde, poboándoa de soños.

Cando lemos os poemas seguimos a vida deles como se fosen deixando no chan do Bosque dos Ausentes miguiñas de pan para non nos perder na noite estrelecida.

Habítamos a memoria e a consciencia, que son dous lugares dos que tantas veces quixeron que os galegos fosemos expulsos. Dinos un seu antologador Eduardo Millán que na memoria se xoga "como un destino, a sorte dun pasado da historia latinoamericana recente que ten deixado unha pegada indelével no home actual dos

nosos países: a historia da loita pola transformación das nosas sociedades e a represión desa loita.”

Que próximo é isto aos galegos que traballamos día a día como o canteiro traballou a pedra da fachada desta catedral que nos garda protectora.

El transforma a materia da dor en materia amorosa, fai que a terra da sombra sexa a terra da luz.

O noso poeta, ao longo do seu facer, deu voz aos feridos pola inxustiza, a todos aqueles que o home con cabeza de aguiña mancou ou mesmo asesinou e fixo desaparecer os seus corpos para que fosen sombras, sombras amadas que levamos con nós coma un outro corpo propio e dorido. El dálles voz nos seus poemas a eles, a todos eles, mesmo aos que foron fillos doutras terras, doutros pais, aos que son fillos doutras dores

El dinos:

A este oficio obríganme as dores alleas
As bágoas os panos saudadores
As promesas no medio do outono ou do fogo
Os beixos do encontro, os beixos do adeus
Todo me obriga a traballar coas palabras, o sangue.

El, que non escapou á realidade do seu tempo, da súa terra, senón que a viviu e a quixo transformar desde a súa entrega para que esta propia terra enxendrara o tempo no que os fillos sexan os que honren a memoria dos pais.

Ao noso poeta expropiáronlle a patria ou a matria ou os lugares do amor ou da infancia para lle dar amargue exilio. Esoutra lenta morte que el enche de vida clara e dorida, iluminadora para nós.

No seu oficio de poeta el martela a materia como ferro ardente e modela o seu sentido, todos os sentidos que a palabra poética é capaz de alumear. Dálles ás palabras vidas, biografías, pasado e todo o futuro, e elas fican grávidas de tenrura.

O noso poeta viviu o exilio, non como lugar onde poder vivir unha outra obra máis libre e total porque así o permitiran as liberdades formais dos países onde viviu. O exilio é lugar onde vivir desgarradamente a ausencia dos seres queridos asasinados e desaparecidos que habitan o seu lugar, que el habita para nós de palabras atravesadas pola ética.

E o amoroso canto é a terra cálida e material onde sementar a raíz máis fonda da máis radical humanidade da súa poesía.

El é un ourive do idioma, nel a palabra exerce a súa máis fonda autodeterminación no seu soñar o home na beleza, mesmo na súa desamparada soidade.

El non cala diante da inxustiza con que o poderoso cerca o humano, el fala sen sosego coa súa altísima palabra poética.

Fai que lector dos seus poemas emerxa ao seu mundo poético e despois de ser habitado por el, o carpinteiro fará mellor a madeira cálida, e modelada fará o panadeiro pan fogaza, todos faremos con máis amor o nosos humildes oficios. O labrego da pedra, fará da palabra mineral palabra a se espellar na chuvia.

Lévanos da man ás grandes preguntas do ser:

E se deus fose unha muller dixo unha
E se deus moveuse os seus peitos docemente dixo
E se deus fose unha muller

Dános a pregunta para que a levemos con nós e nos guíe na noite incerta á busca do albor. Dános a dúbida como a necesaria equipaxe humana, para que esta dúbida creadora aniñe en nós. E fainos vivir a súa altura moral ou ética que lle fai ser unha voz de voces en nome dos desaparecidos, e fainas as nosas propias e dolorosas desaparicións.

Acertan as palabras de Eduardo Millán cando din que en todo poeta real existe a necesidade de devolver o sentido perdido á palabra poética, de buscar unha raíz que ancore a palabra nun ámbito anterior á depredación do seu destino. No noso poeta a palabra busca os lugares máis profundos do ser que na fala deposita a sacralidade do poético, do que vén dos territorios da perda desgarrada do exilio, do lugar onde a fala ten a súa raíz e bebe das súas augas transparentes, dos estratos máis profundos da inocencia.

Como o grandísimo poeta que é, capaz de levar ás súas costas a dor súa pola que falan tantas voces doloridas.

Mais dinos con amorosa palabra cal é o camiño que nos leva ás terras da esperanza, cal é o esperanzado lugar do ser humano. Para iso escribe, como nos di o admirado Carlos Monsivais, unha poesía contra a deshumanización ou el "dúbida da poesía, afírmase na poesía, négase ao tallante, esvara entre os orificios do categórico, evádese de conclusións porque se opón ao eterno retorno dos comezos", pois a poesía é asunto de todos os días e de ningún, da gloria e da penuria.

E Juan Gelman dinos:

O poema non pide de comer. Come
Os pobres pratos que
Xente sen vergoña ou pudor
Lle serve no medio da noite

E para rematar esta breve aproximación á luz dos versos do noso Escritor Galego Universal, as palabras do respectado Carlos Monsivais:

Si, os xenocidios, as matanzas impunes, as represións, nada teñen de efervescencia lírica, mais a resistencia ao horror require da poesía, da racionalidade do ideal, do enalzamento da dignidade que é en si mesma o feixe de sentimentos que persisten. Todo moi arduo de explicar , todo transparentado nos versos do poeta Juan Gelman.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Queridos amigos, Señora Concelleira, Señor Presidente da Real Academia Galega.

Despois de moitos anos de ler e reler a poesía de Juan Gelman até ser habitado por ela, até a facer parte da miña propia entraña a enxendrar a miña biografía de poeta, hoxe só me é posíbel falar da súa poesía coa axuda dos nosos grandes poetas, dos nosos escritores galegos universais coma el, para tentar ollar dentro da súa poesía, perdoade o atrevemento.

Cando tiven nas maos este libro tan fermosamente editado no que ilustrador Carlos Alonso comparte a súa andaina co poeta, con quen tamén viviu o dolorido camiño do exilio e o seu desamparo, ollei que era, máis que un libro de poemas, o lugar no que se encarna a luz do poeta, onde retorna á palabra que guía moitos dos seres humanos que teñen que se ver forzados a vivir, a construír as súas vidas, a reconstruír as súas vidas cos anacos que ficaron do espolio ao que as someteron os señores escuros, os homes con cabeza de escorpión que a cada tempo histórico lle toca sufrir a algún pobo.

Exilios económicos, exilios políticos que arrincan os homes e mulleres coma árbores, e que fican sen a terra nutricia e coa raíz a se desangrar, e seguen a vivir e tantas veces a sobrelevar a vida co seu ser escindido entre dúas dores.

Este libro, a poesía de Juan Gelman, é coma un laio calado e ao mesmo tempo é o aprofundamento na alma humana daqueles que parten contra da súa vontade dos lugares nos que naceron, nos que amaron e foron amados, e teñen que habitar baixo outros ceos, noutra terra na que o tempo medrou sobre o seu corpo, e a súa alma busca novas luces de albor.

É coma un longo poema dos que tiveron que ollar amenceres para os que os seus ollos aínda non tiñan aprendido nunca a ollar, nunha dorida aprendizaxe a sentir novos solpores, e dun xeito novo ser mollado por unha chuvia allea.

Bajo lluvia ajena. Así se chama este libro, este diario de ceos alleos que conteñen ao noso poeta no seu camiñar coa equipaxe da escrita do propio ser.

Cando lía este fermosísimo libro víñanme á mente poemas do poeta Luís Seoane ou da nosa poeta Rosalía de Castro cando se doe dos que partían da terra amada e dos que partían da propia poeta:

Miña casa meu abrigo
vanse todos, eu me quedo
sin compañía nin amigo

Ou dinos Luís Seoane desde Bos Aires:

Eiqui viñeron todos ao acaso, vivendo esgazados das costumes coñecidas, do acento común, da canción labrada polos avoengos e o tempo. Galicia está lonxe. Mais os nomes das súas parroquias e das súas comarcas osténtanse coma divisas medievais penduradas dos aramos.

O poeta Juan Gelman parte da súa terra e dos seus nunha dorida viaxe.

E baixo a chuva allea andamos con el nun dorido camiñar, ao seu carón polos territorios da ausencia:

Fecho os ollos baixo o solciño romano. Pasás por Roma, sol
e dentro dunhas horas pasarás polo que foi a casa miña,
non levándome senón iluminando lugares onde falto
que reclamo que reclaman por min, valos quentar de todos xeitos cando de frío
tremerei.

Sobrecolle a súa poesía, enche todas as partes do noso ser coa súa tenrura, coa súa mornura.

Ao lela non só estamos a camiñar con el, a acompañar o poeta, as súas palabras de silueta cálida e cheas de elegancia interior. Estamos a acompañar tamén a palabra que leva sempre consigo aquela que ficou fundida nun abrazo cos que ficaron e que non se querían separar del. Así, da mao do poeta, camiñamos baixo a chuvia de Roma e sentimos que estamos a camiñar as rúas de Bos Aires a buscar os rostros que amou, as rúas que compartiu, os solpores de cada primavera onde as follas das árbores andan a respirar o seu sosego.

El que, como tantos galegos, camiñou o mundo cos pés doridos como tantos que sufriron exilio ou emigración.

Os que partiron, que pasan os anos, as horas, sen teren desfeito as valixas da alma, como nos di Juan Gelman nun seu poema, e os que fican, que gardan as roupas dos que partiron no fondo dos armarios.

Todos gardaron as roupiñas no roupeiro como querendo parar o tempo para que non camiñe cruel.

Deles fálanos o poeta e pintor Luís Seoane, que escribeu ese grande poema mural como é o do teatro San Martín de Bos Aires, e deles falaba Rosalía:

Homes que erran cal sombras voltexantes por veigas e campíos

A ditadura da miseria a ser habitada por estes homes dos que fala Rosalía a miseria que ela describe:

Vendéronlle o carro
e as leiras que tiña
deixárono soyo

e coa roupa vestida.

E dinos Juan Gelman desa outra miseria a miseria da ditadura:

Viñeron ditaduras militares, gobernos civís e ditaduras militares, quitáronme os libros, o pan, o fillo, desesperaron a miña mai, botáronme do país, asasinaron os meus irmanciños, aos meus compañeiros torturáronnos, desfixeron, rompéronnos.

E ten que partir fisicamente deles e no exilio dóese:

Estraño a calelliña onde mataron o meu can, e chorei xunto da súa morte, e estou pegado ao empedrado con sangue onde o meu can morreu.

Hai un punto de partida para a poética de Rosalía e mais de Luís Seoane, o mesmo punto de partida para a poética de Juan Gelman: a terra da que somos desposuídos. Di Rosalía da Galiza que vai ficando sen os seus fillos:

Este parte aquel parte e todos se van
Galiza sen homes quedas
que te poidan traballar

- e engade-

e tes corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viúvas de vivos e mortos
que nin quen consolará.

E dinos o poeta Juan Gelman:

Non debería arrincarse á xente da súa terra ou país, non á forza.
A xente fica dorida, a terra fica dorida

Cando Rosalía fala daqueles quen lles falta algo ou alguén, que partiu, dinos:

Todos sospiran, todos,
por algún ben perdido
Eu non digo nada,
eu só nunca sospiro,
qu'ó meu corpo de terra.
Y ó meu cansado espírito
Adonde quer qu'eu vaya
van comigo.

Cando Gelman fala dinos que sempre leva consigo o seu corpo de terra e o seu espírito enxendrado na memoria:

nacemos e córtannos o cordón umbilical.
Destérrannos ninguén nos corta a memoria, a lingua os calores.
Temos que aprender a vivir coma o caravel do ar, propiamente do ar.

O noso poeta ten que aprender a vivir no desterro, levando consigo a súa raíz para que siga a zugar a saiba nutricia da terra que enxendrou e alimentou o seu copo e o seu espírito, coma unha árbore que camiña coas súas raíces ao ar e do ar bebe e da materia lonxincua bebe a súa raíz que nunca parte, para así non se volver outro.

O noso poeta vai camiñando coma unha árbore que vai levando de lugar en lugar as súas ponlas para florecer sempre unha outra primavera. Coma unha árbore que coas súas raíces intactas vai camiñando de terra en terra para que as follas das súas gaías vaian agromando outros verdes para outra luz de charón.

O poeta camiña coas súas palabras na cunca das mans para que non morran de frío, para lles dar a caloriña e sempre renazan núas. Para lles poder poñer unhas pequenas azas de papel de prata para as botar a voar ingraves.

É difícil sen o propio territorio dos afectos, dos sentidos que nacen e medran na entraña propia e volver sentir.

Só a palabra do poeta nos dá a luz, ese novo e dorido presente que quere que só sexa soñar ao futuro.

O exilio ten algo de morte, ten algo de desnacemento, ten algo de ir nacendo a outro xeito de sentir a desposesión.

Quizais neste libro nacesse el doutra maneira, ou mellor, medrase a idade do corpo no tempo doutro xeito. Vai medrando o tempo e o noso poeta vaino camiñando paseniño...

Hai momentos que son encrucillada na vida dun ser humano e ten que tomar decisións despois de se facer unha importantísima pregunta e responderse a si mesmo como nos di un verso do poeta Uxío Novoneira:

non podo non ser nin ser así.

O poeta Juan Gelman dille á súa patria á que ama e pola que se sente amado, e nese mutuo amar ir queimando as vidas

Estou desterrado de vós. Os meus pés pisan outras terras
e a cousa é que viva eu noutras terras Sen mentirme,
sen mentir.

O poeta dóese de soidades, sen saber cal é a lingua da soidade, dóese da soidade da palabra.

Dóese dela, daquela que vai polo camiño, aterida, a tremer, sen saber a onde. Como el nos di no poema. É a palabra, a palabra que non sabe onde vai mais que si sabe de onde vén.

Pergúntase o poeta:

Até onde este exilio coincide con outro máis profundo, interior, anterior? Até onde os idiomas estraños, a alleidade de rostros voces, modos, maneiras, encarnan as pantasma que asediaron a miña propia xuventude?

Deixo o texto nas súas interrogacións sobre as pantasma que asediaron a súa xuventude e que Rosalía nomea como aquelas pantasma... camiño do infinito entorno da estranxeira n'a súa patria sen lar nen arrimo.

Como ser no exilio? Como realizar o ser no lonxe da propia de terra?.

Este é o momento cando o poeta Juan Gelman toma posesión do instante e abre as portas ao presente:

Revolvamos a terra coas manciñas xuntas. Ao mellor medra unha planta de dous rostros, que precisa auga dos dous e olla dúas distancias a partires da mesma soidade. Así estaremos xuntos, verdadeiramente.

Coas mans xuntas, viaxeiro dorido e viaxe mancada, achan acougo na espiral do tempo.

Así, man con man, o ferrolán Antonio Souto, de fermosos ollos claros azuis, dirixiu o erguemento obreiro da Patagonia con Outorelo e Graña tamén galegos, mans con mans con dous mil peóns das estancias de a cabalo loitaron pola dignidade do home, pola liberdade, pola terra que traballaban até por ela morreren.

Así fai o poeta Juan Gelman coa súa altísima palabra poética até extenuala pola liberdade do home, alí onde el habite.

Ler a Juan Gelman é un privilexio e é unha responsabilidade .

Lemos este libro, e ficamos atinxidos no noso centro mais vulnerábel, na nosa cerna. Coa daga do poema a ser feridos de luz pola beleza, no noso ser, e así ficarmos coa conciencia emocionada.

Na plantación da árbore e o descubrimento do canto.

Sr. Alcalde, Sra. Tenente de Alcalde, Autoridades das institucións do noso país.
Querida Marilar

Esta cidade, que é a capital dunha das máis antigas e cultas nacións da Europa, construíu a súa historia acrisolando cada presente na súa pedra tallada, que é de pel delicada coma pétalas de brancas magnolias. Tamén hoxe Compostela constrúe a súa historia afirmando o presente, este que os versos de Marilar Aleixandre fan ficar na pedra, sendo palabras insculpidas que acollen e coa escrita irmandan os bairros da Compostela Vella, coas súas arquitecturas de pedra a falar cánticos da laxa orballada dos pedreiros, a ulir o frescor da albura da madeira dos obradoiros carpinteiros, coa Compostela Nova que vai construíndo o seu presente con estes parques de verde pano onde chantamos a pedra da escritora.

Hoxe a Compostela do século XXI, que suma tantas cidades como son as etapas do seu camiñar a historia e que unifica e abraza coa súa voz sempre nova, leda e protectora a Berenguela, que é voz antiga de boa conselleira que coa mao invisíbel guía os designios da Compostela Nova, para esta non se perder no seu camiño ao futuro sempre tan cheo de espellismos efémeros.

A Vella e a Nova baixo un mesmo ceo ou teito de arquitecturas de nube co seu vagaroso devalar, acollen tamén aqueles e aquelas que son as depositarias da alma da cidade como lugar, como ágora para a creación e o desenvolvemento concreto do pensamento democrático.

Ir construíndo a memoria da cidade cos escritores da propia cidade como símbolo, a memoria do país cos escritores do propio país, esa é a nosa intención ao longo destes xa dazaseis anos de ir chantando pedras nos que escritores e escritoras dan memoria ao rostro da Terra Verde.

Neste lugar, a cidade anovada con arquitecturas de metal e nube de saibo mariñán vai deixando pegadas, como nos areais deste o seu tempo, e lévanos aos territorios onde o mar se fai estes recantos verdes que inzan a cidade, lugares onde a natureza se fai parque ou horta ou se fai xardín feliz coas voces de inocencia dos rapaces e rapazas que soñan na Compostela onde chove tamén para que podamos soñar, como Uxío dicía no seu Courel natal.

Coa mesma arte desta cidade para construír os séculos, para que nada sexa efémero, vimos a este lugar anovado para acrisolarmos o presente e así naza de novo, deste acto de afecto e recoñecemento a Marilar Aleixandre, para que sexa inaugural a pedra e nos leve á obra da nosa escritora. Para que nela poidan entrar e transitar os territorios do non establecido e ollalo cun ollar que ten na ética e na beleza as súas pedras basilares, e así poder chegar e sentir a cerna do noso idioma. Con el Marilar Aleixandre lévanos da mao a terras que

son luz ocultada para nos mostrar unha nova natureza, un novo ser humano que hoxe é mancado por lóstregos de dor.

Marilar pon diante de nós aqueles e aquelas das que non ficará nome coñecido mais que son a razón de ser da súa obra porque están a soportar o peso da historia. Ao nos identificar coa súa obra está a nos pedir que tomemos conciencia, para que nunca perdamos a nosa capacidade de indignación ante as inxustizas.

Chantamos a pedra da escritora e tallamos a pedra dura coa fráxil palabra do poema que insculpe o seu son de bairros e lugares que fan este lugar de novo humanizado.

Tallamos na pedra os sonhos novos para que permanezan nesta cidade que se constrúe en sonhos neste parque que leva o nome de Marilar Aleixandre e que agradecemos ao goberno municipal. Partillará o riso inocente e a vida de marabillada intemporalidade dos nenos a quen ela entrega día a día unha maletinha chea de sonhos para a viaxe da vida. Para que o duro inverno só sexa o das folerpas en flor.

Facemos irmandade da pedra cuberta de palabras cos seus silencios e a árbore que recibe e saúda as estacións de vagaroso camiñar: un abruñeiro, que aínda que os dicionarios de árbores din del que é de mediana altura, especie de ameixeira brava ou espiño que pertence á familia das rosáceas, nós hoxe facémolo irmán do limoeiro de lúa que tiñas nun patio de Ceuta, da figueira á que ías comer figos ao romper a alba con teu pai en Doña Mencía, e das mimosas que en Vigo estarán en flor aló polo decembro, ou os rumorosos piñeiros de Toba cando o Nordés fai do ceo o máis azul da súa cor.

Esta árbore da primavera, este abruñeiro co que o tempo seguirá as estacións entre as pétalas da flor e os espellos da chuvia e que, como ti dis, terman do ceo, é tamén unha árbore -letra do teu abecedario de árbores, esta é a humilde árbore de ramos espiñentos que dá a flor antes que a folla e dá os froitos en azul escuro de saibo agridoce, é a arbore á que ti nos teus poemas es capaz de lle escoitar a doce voz.

Esta arboriña na que o anxo de Rilke poderá chegar ás noites, cando a luz recolle as súas azas, e follear con ledicia os teus libros, co afecto co que nós os escritores e as escritoras galegas queremos che dar un abrazo fraterno de recoñecemento e amizade.

Discurso de entrega da Letra E. Salón Nobre do Pazo de Raxoi. Santiago de Compostela

Sr. Alcalde, Sra. Tenente de Alcalde, autoridades das institucións do noso país.
Querida Marilar.

Neste lugar para o exercicio da cidadanía, nesta casa de pedra que abre as xanelas á praza que foi obradoiro onde mans labregas traballaron como ourives as pedras para que cada pedra fose eterna, e abrise unha xanela que dá a un balcón onde pousa a andoriña como pousa leve a lenda. Aquí, desde onde se escoita o rumor de voces das vinte catro mulleres do pórtico da gloria, que de dúas en dúas falan en serena conversa despois dos traballos do día, aquelas lembradas por Otero Pedraio: leiteiras de Compostela, labregas da Amaía, lavadeiras do Sar e mais do Sarela, ou polas mulleres dos máis diversos oficios e saberes da Compostela de hoxe, arrolados polo seu rumor de voces amadas, vimos entregarlle o E de Escritora a Marilar Aleixandre, porque neste noso idioma erguiches unha obra que transgride e subverte o pensar, fronte a submisión ou á resignación, algo que adoita habitar o substrato de moitas das nosas tradicións literarias.

Delas dinos Marilar que *"Podemos subverter a tradición pois as mulleres débemoslle pouco á tradición. Para nosoutras ningún tempo pasado foi mellor."*

Ela lévanos da man a lecturas novas da historia devolvéndolle a voz, a que lle foi mancada, denunciando sen pexas as inxustizas criminais coas que o noso presente maltrata a nosa natureza, aos desposuídos e desposuídas da terra, a todos e todas aqueles que son depositarios da beleza do humano.

Olla aos ollos ao noso idioma e en namoro fica e con el prosegue a tenra ou ás veces desolada construción do tempo que devén tempo novo, e danos a dura e dorida realidade para que fiquemos conciencia estremecida.

E para nos levar até alí crea cunha lingua entrañada no sentir, chea de luminosa transparencia. Átanos con vincallo de vimbio ao seu mundo poético, pois vai chanzo a chanzo, libro a libro, debuxando na nosa pel fráxiles corazóns tinxidos que senten a ledicia e a dor, que se emocionan coa súa escrita a camiñar cos pés descalzos polo areal das palabras, procurando que elas non perdan nunca o seu gume.

Marilar no seu diario de soños vai escribindo para o noso gozo mundos, lugares, personaxes que alimentan a nosa cerna, e fai que aqueles soños que son de sucre torrado non oculten amargues pesadelos. Non parte ao maxín para se esquecer da realidade cotiá que nos ofrece a vida cos seus dentes de area de a diario: ela fica e enfróntaa para lle devolver a súa luz e a súa tenrura.

As súas palabras como tesoiras de sal van tallando aquilo que nos manca e libéranos dese cárcere.

A súa escrita abre as xanelas e bota a voar ingraves as palabras por vontade do idioma que, como ourive, tece e destece os soños do acibeche.

Ela lévanos nas leves azas da luz que son capaces de soportar o enorme peso da súa levidade.

E asume e prosegue a tarefa de Rosalía de Castro, de Virginia Wolf, de Xohana Torres.

Fálanos da necesaria transformación da sociedade que en cada tempo histórico nos toca vivir a todos e todas nós, e isto só é posible se o pensamento subverte as estruturas culturais,

políticas, sociais, ou nese outro territorio tan ourizado que é o do sentir compartido, o da lectura da historia, o da interpretación dos mitos e das tradicións.

Mais o feito transgresor da literatura só o é se é habitada polo feito da alta calidade da mesma literatura. A maior cuestionamento da tradición, máis calidade é necesaria para o conseguir. Este é o caso da nosa escritora. E nós, levados da súa altísima literatura, imos aos lugares onde a vida escrita acontece coa ledicia soñada e coa dor que nos manca reflexiva.

Mais Marilar Aleixandre busca dar respostas, pois vai camiñando e construíndo a súa obra a tecer e destecer historias atravesadas pola daga transparente da ética co seu saibo poético. Pois, en palabras da poeta Pilar Pallarés, é necesario un axuste de contas coas metáforas e símbolos que eternizan e naturalizan unhas funcións sociais resultado da opresión de sexo e non do fado e da natureza.

Marilar, está a escribir no libro da vida, nas súas paxinas de area, e a súa escrita son as súas pegadas, que semellan só escritas para o vento as levar, mais ela está a nos dicir que é posíbel que as palabras verdade, amor xustiza, dignidade, beleza, vaian da mao e, sementando estas palabras, vai sementando signos, referentes éticos nunha sociedade tan necesitada deles como a de hoxe.

E así poderemos, parafraseando a Gioconda Belli, sentirnos nun mundo no que hai mil e unha cousas que nos fan seres humanos todos os días, polos que deberamos nos erguer ledos todas as mañás e polas que deberamos abenzoar sermos homes e mulleres.

Os territorios da súa escrita son os da realidade do cotiá, maxistralmente desenvolvida, que non é realidade evidente senón esa outra realidade interior á realidade que é outra forma, quizais máis forte, de evidencia. Ela camiña os territorios dos afectos, que é onde os conflitos xeran o maior desgarrro.

Soña por aqueles e aquelas que non poden soñar, e soña a tenrura dos soños dos desposuídos do soñar. Grazas a obras como a de Marilar Aleixandre podemos vivir o noso tempo neste lugar tan concreto que se chama Galiza para non podermos dicir nunca as palabras que escribiu Anna Akhmátova:

A miña vida transcorreu nalgún sitio do que eu estaba ausente.

En recoñecemento e gratitude á súa obra entregámoslle o E de escritora

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega
5 de xuño de 2010

Bos días amigos e amigas, benvidos

En primeiro lugar o noso recoñecemento ao Consello da Cultura Galega na persoa do seu presidente Xosé Ramón Villares, que co seu apoio fixo posíbel que hoxe poidamos proseguir a nosa andaina de facer da Sección da Crítica da AELG o lugar de encontro dos críticos galegos neste tempo tan necesario de traballos colectivos, de respostas colectivas, de proxectos que nacen e se manteñen na raíz máis activa da sociedade civil que sempre mantivo o ser da nosa nación en pé.

O noso recoñecemento ao labor de Blanca-Ana Roig como parte da Sección de Crítica á hora de organizar as mesas e os nosos participantes nas mesmas, co apoio da nosa secretaria técnica, Ana Carril, e de Rosa Aneiros. Tamén á executiva da Sección de Crítica, que mantén en pé todo o ano a actividade da mesma. E, como non, a todos os que desde as mesas como relatores ou moderadores, ou como asistentes activos, conformarán os debates desta xornada, deste encontro.

A Sección da Crítica da AELG celebra este seu segundo encontro sobre a crítica e a literatura xuvenil e infantil, cando xa deu mostra da súa seriedade e do seu pouso no funcionamento como sección autónoma desta Asociación. Recentemente, nunha conversa na que reflexionamos sobre a problemática do sector do libro e da cultura do noso país, era felicitado, e así o volo transmito a vós, polo funcionamento da Sección da Crítica, por diversos responsábeis do sector.

O tema quen nos ocupa, A crítica e a literatura infantil e xuvenil, está sempre presente na AELG. E froito desta preocupación creouse a modalidade a ela dedicada nos premios anuais da AELG, para que sexa visualizada con espazo propio e non porque, por suposto, non sexa literatura con maiúsculas.

Que mellor lugar que o Consello da Cultura Galega, o lugar onde a nosa realidade cultural e sociocultural e o seu futuro saudábel e normal que desexamos para a nosa cultura, son sometidos á necesaria reflexión crítica.

Eu ademais quero facer un meu recoñecemento público ao labor para co noso idioma que tivo o Consello nos últimos tempos, facendo informes e pronunciamentos nos que nos identificamos co seu labor. Agradezo lle transmita ao conxunto do Consello o noso recoñecemento.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Bos días, amigos e amigas:

Dámosvos a benvida a este vinte e sete encontro da agora Federación Galeusca, desexándovos un traballo frutífero nestas xornadas nas que, ao longo de 27 anos, fomos tecendo unha sólida relación entre os nosos escritores e as nosas literaturas.

Asumimos como AELG que estas relacións non só non esmorezan senón que sexan cada vez máis sólidas. Aínda que os formatos de celebración destes encontros vaian mudando co tempo, ao incorporarmos novas funcións.

Aínda que vivimos as tres nacións distintos procesos normalizadores, con distintos ritmos históricos, temos puntos en común: sobre algúns deles reflexionaremos estes días. Asumimos así a responsabilidade de lle deixar ás novas xeracións un maior coñecemento das nosas realidades nacionais e en concreto das nosas literaturas.

Cos temas que trataremos neste encontro non só nos coñeceremos máis entre nós e mesmo poderemos recoñecérmonos senón que, tamén, lle transmitiremos á sociedade e aos gobernantes que correspondan, que non podemos ser levados como as follas que o vento leva este días, polos ventos da crise, senón que somos parte da solución da mesma. E que a nosa existencia é a que posibilita que á nosa nación e ao noso idioma non os leve esoutro vento ou trebón da globalización.

A maior globalización ou recentralización, proposta polos partidos de ámbito estatal (españóis), maior necesidade de elaboración de contidos propios das nosas culturas para as industrias culturais. E por parte delas, é imprescindible o necesario recoñecemento do escritor e do seu traballo.

O lema fala das viaxes e non só, tamén fala do moito camiño por andar, do moito futuro na viaxe en común, das nosas literaturas nacionais e, en concreto, tamén das nosas asociacións.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da AELG

Iniciamos estas III Xornadas co noso agradecemento á Vicepresidencia da Deputación de Lugo, na persoa de Antón Bao. Aos coordinadores Antonio Reigosa e mais Isidro Novo.

Quizais o verso de Cesare Pavese: "*E virá a morte e terá os teus ollos*" nos dá idea de que a imaxe da morte pode ser tamén a imaxe da beleza: os ollos do amor que nos dan morte con dourado puñal.

Mais a morte e a súa mitoloxía que vimos a reflexionar nestas xornadas veñen dos camiños da tradición oral, do humus anónimo que fai crecer as máis vizosas plantas dunha cultura.

Toda cultura se define e singulariza até a máis fonda cerna do seu ser no territorio das súas crenzas, no seu xeito de se situar ante a morte, de interpretar con símbolos e imaxinarios o antes e o despois do morrer, de dar solución ao acontecer cando xa somos parte do alén e, dalgún xeito, nos negamos a non ser, a só ser materia baleira, po na terra inerte.

Non falamos da morte e as representacións do poder que nela se mostran obscenamente torpe, falamos de como a cultura que a sensíbel man, que a delicado pensar das clases máis populares elabora e así transmite ao longo de séculos de milenios, interpretacións máis aló do seu efémero, da súa temporalidade.

Falamos de cultura cando falamos de cómo á morte se aproxima o noso pobo, de como se sitúa a carón dela e a entende, de cómo con ferramentas culturais estamos a interpretala e así enxendrar de novo cultura.

Non somos os únicos, certo, que damos respostas culturais á morte e ao seu arredor, universais e ao mesmo tempo concretas e diferenciadas para esta terra e para cada tempo de noso, e cando un viaxeiro polas culturas do mundo coma min, chega a outros pobos, sitúa a propia cultura como referente para comprender as alleas.

Síntome ben próximo do poeta xaponés Fusen

Hoxe, pois, é o día

No que o boneco de neve que se derrete

É un home.

Culturas como as árabes que até a chegada das radios facían toda a vida pública nos cafés levados das voces máxicas dos narradores orais.

Cómo entender a morte ollando os cemiterios do mundo senón comprendendo e coñecendo previamente os propios, os da propia cultura e o seu devir actual. Os cemiterios musulmáns, verdadeiramente anónimos, con catro moreíñas de coios dinnos que é un enterramento. Ou un cemiterio coma o do Cairo, de dous millóns de habitantes que fan vida normal habitando dentro das tumbas, ao tempo que as coidan e gardan, nunha cidade de 22 millóns. Mais as que máis me teñen conmovido son as dos vietnamitas, polo que teñen de próximos no

imaxinario. Os vietnamitas teñen a crenza de que existe vida despois da morte e son as almas dos mortos as que protexen os seus descendentes desde o máis alá. Segundo as crenzas vietnamitas, unha alma sen descendencia vagará eternamente. Así, no *Festival do Día das Almas Errantes*, que é a festa máis grande da segunda parte do ano en Vietnam, acostumase facer ofrendas en comida e presentes ás casas e pagodes das almas errantes que ficaron nun tránsito inacabábel, infinito. Todos os mortos esquecidos, ese día son celebrados. Paréceme dunha inmensa humanidade que, unha das maiores festas dunha sociedade, sexa a de se lembrar daqueles que non teñen quen se lembre deles; almas que de outra maneira estarían sumidas no eterno desamparo.

Con esta tenrura, con esta humanidade o noso pobo construíu o seu convivio coa morte e o seu arredor de agoiros, ánimas e pantasmas.

Disto falaremos neste xa III Encontro de literatura oral, que hoxe e mañá celebramos nesta cidade de Lugo. Sede benvidos.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Iniciamos este V, antes congreso, agora xornada de reflexión, onde os novos escritores e escritoras afrontades a nova realidade que se concreta no propio feito de ter que ser celebrada co único patrocinio da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña, María Xosé e a súa equipa, ademais de Cedro e mais da Vicepresidencia da Deputación da Coruña, por ter retirado o apoio económico na súa totalidade a Dirección xeral de Xuventude.

É un novo tempo onde se enfrontar non só a preocupacións propias dos máis novos escritores, senón que unha delas terá que ser a desta realidade nova na situación nova de diminución do idioma no ensino e na cada vez máis precaria posibilidade de publicar, na que sempre saíran perdendo os xéneros de menores, -lógicas de mercado- como son a poesía e os textos dramáticos.

Sempre nesta asociación os máis novos fosten parte do presente actuante e non do futuro, esa é a razón de que a Vicepresidencia da AELG sexa dos máis novos.

Este é o voso tempo, pois falando en clave de futuro, agora si, nunca estivo tan en perigo desde os tempos da pre-autonomía, non só o idioma como ferramenta de creación, senón o papel do escritor como instrumento de calidade democrática, como conciencia crítica de toda sociedade.

Este é o voso tempo. Sabedes que os escritores galegos vimos de moi lonxe e para moi lonxe imos.

Nunca nos foi doado abrir camiños, sempre incertos, nin soñar horizontes que traballosamente convertemos en terra firme, onde de cando en vez reclinar a palabra, as azas, e de novo erguer os ollos para máis alto voo.

Dicía Castelao nun seu debuxo que "*a nosa terra non é nosa..*" e quizais por iso, esa certa orfandade, fai que os escritores e escritoras do noso país vaiamos, as diversas xeracións, coma irmáns maiores e máis novos, construíndo un camiño sempre inacabado, sempre a comezar, para que a nosa historia continúe.

Así hoxe aquí celebro que este sexa o voso tempo, porque teredes, teremos, que dar solucións a esta nova forma de censura que é a censura económica.

Cesáreo Sánchez Iglesias, Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega